CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE SETEMBRO DE 2022**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde en funcións, don Juan González Leirós, e asisten:

**Polo grupo municipal de UxC:**

Dª. ELISA PESTONIT BARREIROS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
Dª. MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
Dª. MARÍA DOLORES PAN LESTA

**Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
Dª. PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

**Polo grupo municipal do PP:**

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
Dª. MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
Dª. MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

**Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

**Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
Dª. SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

**Polo Grupo Mixto:**

D.ª MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común) (que se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta)
D.ª MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C’s)

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño; a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Mónica Varela Germade; e a Sra. concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, dona Lúa Sanguiñedo Ávlarez.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria accidental, dona Verónica María Otero López.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de setembro de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_20220929180023000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2022

***Acceso á videoacta* – 00:00:56 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección observación á acta da sesión de data 30 de xuño de 2022, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión de data 30 de xuño de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión de data 30 de xuño de 2022.

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ANEXO III – CALENDARIO DE OBXECTIVOS DO REGULAMENTO PARA ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE

***Acceso á videoacta* – 00:01:12 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de setembro de 2022 (CVD: xllg22+4v1JvXmDdnnU/), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión de data 22 de setembro de 2022, que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS**

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2020, aprobou, con carácter inicial, o Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre, publicándose definitivamente o acordo adoptado no BOP núm. 103, do 8 de xullo de 2020.

Na sesión ordinaria de data 28 de abril de 2022, o Pleno municipal aprobou inicialmente a modificación dos artigos 3, 5, 6, 7 e 8 e dos Anexos I e II deste regulamento, incluíndo, así mesmo, un novo Anexo III, e renumerando o anterior Anexo III. *Importe trimestral do complemento de produtividade,* que pasou a ser o Anexo IV. Tralo prazo de información pública e audiencia aos interesados, unha vez adoptado definitivamente o acordo, foi publicado no BOP núm. 167, do 2 de setembro de 2022.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que trala publicación do acordo tense detectado un erro na redacción do último parágrafo do Anexo III. *Calendario de obxectivos* do Regulamento, de xeito que onde di:

> *"4º Trimestre: os obxectivos do departamento deben estar aprobados e coñecidos polos traballadores de todo o departamento na* ***segunda quincena de agosto****"*

Debe dicir:

> *"4º trimestre: os obxectivos do departamento deben estar aprobados e coñecidos polos traballadores de todo o departamento na* ***segunda quincena de setembro****".*

isto tendo en conta que, como se establece no propio anexo, os obxectivos dos departamentos serán marcados **con quince días de antelación ao inicio do trimestre a valorar**.

Visto o informe da xefa da Unidade de Réxime Interior de data 19 de setembro de 2022 (CVD: futND2ZRaLpedZcltWff), que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o informe da secretaria xeral de data 19 de setembro de 2022 (CVD: hfokXQmaVzk0y5KOMPJc), emitido en cumprimento do disposto no artigo 3.3. 1º do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación nacional.

Visto canto antecede, en uso das atribucións que me foron conferidas por delegación do señor alcalde, mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do último parágrafo do Anexo III. *Calendario de obxectivos,* do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre, que queda redactado:

> *"4º trimestre: os obxectivos do departamento deben estar aprobados e coñecidos polos traballadores de todo o departamento na segunda quincena de setembro".*

**Segundo.-** Someter este acordo a información pública e audiencia aos interesados mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios municipal e no Portal de Transparencia, por un prazo de 30 días, isto de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 7 e) da Lei 19/2013, o 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado este acordo, publicándose integramente no BOP.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de setembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de setembro de 2022 (CVD: xllg22+4v1JvXmDdnnU/), polo que devén

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

en acordo nos termos transcritos.

## 2.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 2/2022

***Acceso á videoacta*** **– 00:04:05 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2022 (CVD: BJIvbgzdwyCKjM+CISHA), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 22 de setembro de 2022, que transcrita di:

**«PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (POS+) Adicional 2/2022, cuxas bases foron publicadas no BOP número 102 do 31 de maio de 2022.

Segundo Circular remitida pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Cambre ten unha asignación para o POS + Adicional 2/2022 dun total de **727.564,26€,** que se pode destinar para gastos correntes e/o investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos.

Parte deste importe xa foi destinado á obra “Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre”, por importe de 66.058,74€.

Restan un total de 661.505,52€, polo que a proposta presentada por esta Corporación, inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar 9.805,57€ ao financiamento de gastos correntes.
- Destinar 651.699,95€, ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

| Denominación | |
|---|---|
| Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022 | 457.321,77€ |
| Mejora de accesibilidad en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2 | 194.378,18€ |
| **TOTAL** | 651.699,95 € |

Estes investimentos ascenden a un total de 651.699,95€, polo que o Concello de Cambre non debe facer aportación económica algunha.

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son continuar coa mellora da pavimentación dos camiños e rúas municipais, así como mellorar a accesibilidade da rúa Lendoiro. Outro criterio de selección foi o de abarcar o maior ámbito territorial, realizando actuacións en varias parroquias, Anceis, Bribes, Brexo, Cambre, Cecebre, Cela, Pravio e Sigrás.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto denominado “Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022”, ten por obxecto o desbroce dos camiños e unha limpeza de gabias, taxeas e marxes o longo de cada actuación, e unha mellora das condicións de drenaxe a través da apertura e perfilado de gabias por ambalasdúas marxes, incluso o refino de taludes e desatasco de tubaxes.

En canto ao firme, levaranse a cabo actuacións puntuais de reforzo, executando unha escarificación do mesmo nos arranques, reforzo da base granular; e en relación á capa de rodadura existente, unha vez barrida e limpa a superficie,

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

realizarase unha mellora consistente na aplicación de merzcla bituminosa, cando sexa necesario. Así mesmo, nos traballos previstos contémplase o perfilado, retirada e acopio de tapas e marcos de servizos existentes cando fose necesario, así como a súa posterior reposición a cota de resante definitiva.

Finalmente, en tódolos camiños, abordarase a sinalización horizontal e vertical correspondente.

En síntese, as principais actuacións que se levarán a cabo son:

- Desbroce total de gabias e marxes, polos dous lados. Incluído labores de desbroce e limpeza máis as labores de corte selectiva, desrame e troceado dos restos.
- Apertura, perfilado e limpeza de gabias por ambalasdúas marxes en todo tipo de terreo, incluso refino de taludes, i/p.p de desatasco e limpeza de tubaxe taxea.
- Fresado ou escarificado e rebaixe de pavimento asfáltico existente nos arranques, de 5 cm. de espesor mínimo, con parte proporcional de regularización da superficie, incluido perfilado, retirada e acopio de tapas e marcos de servizos existentes se fora necesario e demolición e carga mecánica de escombros sobre camión ou colector.
- Limpeza de calquera tipo de material, lavado e barrido de firme para a extensión posterior de mezclas bituminosas.
- Formación de pavimento en quente tipo AC 16 60/70 SURF D (D-12), espesor mínimo de 5 cm., extendido e compactado, incluso en zonas estreitas, executado en capa de rodadura sobre firme existente incluso regularización.
- Recrecidos de pozos, sumidoiros e diversos rexistros mediante a preparación necesaria para acomodar a superficie, armado i/p.p de mortero e medios necesarios para o seu completo acabado e posta a cota de rasante definitiva.
- Arquetas sumidoiro de formigón en masa HM-20, con cerco e rexilla de fundición dúctil GGG-40, clase D-400 e tubaxe de polipropileno de parede estructurada para entubado de gabia, color tella, clase SN8.
- Reposición da sinalización vertical e horizontal correspondente.

Co proxecto “Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2.”, preténdese facer unha definición dun itinerario peatonal seguro para os ususarios da zona de acordo ca Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a Orden TMA/851/2021, de 23 de julio, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

O proxento consiste  na execución dun itinerario peatonal de aglomerado de 2 m de anchura na marxe esquerda da rúa A Barcala, entre o final do tramo onde se ten previsto desenvolver o novo Plan Especial de Intraestruturas e dotacións (p.k. 0+286) e a entrada ao campo de fútbol do polideportivo (p.k. 0+590).

Para que a nova beirarrúa proxectada sexa homogénea ao longo do seu percorrido, será necesario realizar un desmonte en terras entre os p.k. 0+410 e 0+523 e executar posteriormente muretes de perpiaño de ata 1,5 m de altura máxima. Tamén será necesario derrubar parcialmente o galpón existente no p.k. 0+330 e substituir o seu tellado de fibrocemento por outro novo tamén de fibrocemento pero sen amianto e trasladar e repoñer a caseta do transformador do polideportivo existente no 0+465 para conseguir a continuidade do trazado da nova beirarrúa.

Para dar un axeitado servizo ás novas instalacións do complexo deportivo, continuarase a execución das novas redes subterráneas eléctricas, de telecomunicacións, de alumeado público e de abastecemento de auga iniciada no Lote 1.
Como complemento ás obras anteriores, completarase a actuación proposta coa renovación da sinalización horizontal e vertical no tramo.

Ampliarase a sección transversal da estrada actual ata o límite da alineación (a 6m. Do eixe actual da estrada) para albergar os elementos que pasarán a formar parte da nova plataforma, de xeito que será necesario realizar pequenos movementos de terras coa finalidade de obter a anchura óptima para o novo itinerario peatonal, buscando así a integración da beirarrúa na vía actual en condicións de seguridade e cos criterios de deseño sostibles ambiental e económicamente.

En canto aos novos servizos municipais previstos, executarase unha nova rede de abastecemento de auga con tubaxes de función dúctil de 100 mm de diámetro e a valvulería e pezas necesarias. Dita nova rede de abastecemento non anulará á existente, que se conservará ata que se complete a totalidade da obra. Tamén se executará a obra civil para o futuro alumeado público, formada por 2 tubos eléctricos de PVC de D=110 mm e as correspondentes arquetas sen fondo de 40x40x60.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Finalmente, executarase unha canalización subterránea eléctrica e outra de telecomunicacións para o futuro soterramento das liñas aéreas actuais, actuacións que tramitará directamente o Concello.

Tendo en conta que segundo o establecido nos informes urbanísticos dos días 12 e 15 de setembro de 2022 emitidos polo Arquitecto Municipal e pola Aparelladora Municipal respetivamente, as actuacións son viables urbanísticamente. Non obstante, segundo o informe emitido pola Aparelladora Municipal, respecto á obra "Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2", deberase solicitar autorización por atoparse nos ámbitos de afección seguintes:

- Autoestrada AP-9, polo que deberase obter a autorización previa do Ministerio de Fomento, administración titular da estrada segundo o establecido na Lei 37/2015 de estradas.
- Zona de policía do río Gándara e dun regato sen nombre, polo que deberá obterse a autorización previa do organismo "Augas de Galicia", segundo o establecido no Regulamento de dominio público hidráulico (RD 849/1986).
- Servidume do Gaseoducto "Red de A Coruña" polo que se require a autorización previa de Enagás, xestor técnico do sistema gasista español, segundo o disposto na Lei 8/2015, de 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Logo de ver os Informes xuridicos das devanditas obras emitidos por don Fernando Garrido Negreira, Xefe da Área (P.A.), con data 16 de setembro de 2022,

Logo de ver o informe-Anexo IV sobre a previsión de gastos correntes para o exercizo 2022, emitido polo Interventor municipal de data 12 de setembro de 2022.

En base ó anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + Adicional 2/2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A) Financiamento de gastos correntes:**

| **Gastos correntes** | **Total** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | 9.805,57€ |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| **Investimentos financeiramente sostibles SI incluidos no Plan Complementario ao POS+2022** | **Financiamento dos investimentos** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | | | **Orzamento total** |
| | | **Achega Municipal** | **IVE soportado deducible** | **Total Concello** | |
| PBE mellora funcional da rúa Rocón. Cambre | 66.058,74€ | 0,00€ | 0,00€ | 0,00€ | 66.058,74€ |
| **TOTAL** | **66.058,74€** | **0,00€** | **0,00€** | **0,00€** | **66.058,74€** |

| **Investimentos financeiramente sostibles NON incluidos no Plan Complementario ao POS+2022** | **Financiamento dos investimentos** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | | | **Orzamento total** |
| | | **Achega Municipal** | **IVE soportado deducible** | **Total Concello** | |
| Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022. | 457.321,77€ | 0,00€ | 0,00€ | 0,00€ | 457.321,77€ |
| Mellora da accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2 | 194.378,18€ | 0,00€ | 0,00€ | 0,00€ | 194.378,18€ |
| TOTAL | **651.699,95€** | **0,00€** | **0,00€** | **0,00€** | **651.699,95€** |

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS + 2022 e que se relacionan nestas táboas.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| **Revisión excepcional de prezos** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0,00€ |

**D ) Resumo de fina**nciamento:

| | | **Concello** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ADICIONAL 2/2022** | **Deputación** | **Concello** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| Gastos correntes servizos obrigatorios | 9.805,57€ | | | | 9.805,57€ |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+2022 | 66.058,74€ | 0,00€ | 0,00€ | 0,00€ | 66.058,74€ |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+2022 | 651.699,95€ | 0,00€ | 0,00€ | 0,00€ | 651.699,95€ |
| Revisión excepcional de prezos obras municipais | 0,00 € | | | | 0,00€ |
| **TOTAL** | **727.564,26 €** | **0,00€** | **0,00€** | **0,00€** | **727.564,26 €** |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que obterá todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2022 (CVD: BJIvbgzdwyCKjM+CISHA), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2.3. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DO CONCELLO DE CAMBRE

***Acceso á videoacta* – 00:25:13 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 14 de setembro de 2022 (CVD: zIyy6jpt5An65WWhfm27), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 22 de setembro de 2022, que transcrita di:

**«PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS RESPECTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DE CAMBRE**

Tendo encargado a elaboración dunha Ordenanza de protección contra a contaminación acústica á área de Urbanismo e Réxime Interior.

Unha vez aprobada inicialmente polo Pleno a proposta de ordenanza e unha vez evacuado o trámite de exposición pública.

Vistas as alegacións presentadas.

Visto o informe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2022.

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación inicial desta ordenanza é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22.2 d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen que para iso se esixa unha maioría cualificada.

Por todo o exposto propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Desestimar as seguintes alegacións presentadas por Manuel Andrés Mena García polos seguintes motivos:

- No que se refire á proposta de prohibición de determinadas actividades no Plan Urbanístico, non é a presente Ordenanza o ámbito axeitado para a dita regulación, ao ser o Plan Xeral de Ordenación Urbana a norma na que se ordenan os usos do solo.

- En canto á inclusion da denominación de "zona acústica saturada", esta non existe na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruido, norma que está a desenvolver a presente Ordenanza.

- En canto á necesidade de garantir o segredo da identidade dos denunciantes o artigo 62 da Lei 39/2015, non permite as denuncias anónimas. A tal fin establece no seu apartado 2 que as denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou persoas que as presentan.

Por outra parte, o denunciado ten o dereito a acceder ao expediente administrativo, tal e como se establece na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así o artigo 53 do antedito texto legal establece que ademais do resto de dereitos previstos nesta Lei, os interesados nun procedemento administrativo, teñen os seguintes dereitos: a) … a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Pola súa parte a Lei 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artículo 105.b) da Constitución Española, desenvolvidos por esta Lei.

O artigo 14 da dita norma establece os límites ao dereito de acceso, límites cuxa aplicación deberá ser xustificada e proporcionada ao seu obxeto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

En vista do exposto, existe un conflicto entre o deber de transparencia e o dereito ao acceso aos expedientes administrativos co dereito á protección dos datos persoais, que deberá ser resolto en cada caso particular en atención ás circunstancias concorrentes, sen que se poida establecer con carácter xeral o anonimato dos denunciantes, e sen que tampouco se poida realizar unha regulación específica destes dereitos diferente á establecida pola normativa básica.

- No que se refire á obriga de instalar limitadores de son cando se suspendan os obxectivos de calidade acústica, xa se atopa prevista no artigo 9.2 da Ordenanza.

- En canto á limitación do uso de fogos pirotécnicos:

O uso de elementos pirotécnicos ten un amplo arraigamento nas festas e celebracións tradicionais. Polo tanto a limitación do seu uso, máis alá do previsto na presenta Ordenanza, require dun debate social previo no que se teñan en conta os dereitos e obrigas de todas as partes implicadas.

Non obstante, a urxencia que reviste a aprobación da presente norma, ao atoparse a Ordenanza vixente obsoleta, tal e como se acreditou no informe previo á súa aprobación inicial, fai que non pareza oportuno dilatar por máis tempo a súa aprobación, propoñéndose que a proposta realizada sexa obxeto de debate nun momento posterior e no seu caso incorporada a través dunha revision da presente norma.

- En canto ás limitacións de uso dos citados elementos, derivadas do risco de incendios, estas remiten ás obrigas establecidas na Lei de prevención de incendios forestais de Galicia, sen que sexa esta Ordenanza o marco axeitado para a regulación das autorizacións para este tipo de actividade.

- No que se refire aos prazos de prescripción das infraccións, de acordo co disposto polo artigo 30.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que as infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano. En vista de que a Lei do ruido non establece prazos de prescripción, deberán aplicarse os previstos na Lei 40/2015.

**Segundo:** Desestimar as seguintes alegacións presentadas por María José García Hidalgo, en repesentación de Ciudadanos Cambre, pertencente ao Grupo Mixto de Concello de Cambre, polos seguintes motivos:

- O uso de elementos pirotécnicos ten un amplo arraigamento nas festas e celebracións tradicionais. Polo tanto a limitación do seu uso require dun debate social previo no que se teñan en conta os dereitos e obrigas de todas as partes implicadas.

- Non obstante, a urxencia que reviste a aprobación da presente Ordenanza, ao atoparse a Ordenanza vixente obsoleta, tal e como se acreditou no informe previo á súa aprobación inicial, fai que non pareza oportuno dilatar por máis tempo a súa aprobación, propoñéndose que a proposta realizada sexa obxeto de debate nun momento posterior e no seu caso incorporada a través dunha revision da presente norma.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En canto ás limitacións de uso dos citados elementos, derivadas do risco de incendios, estas remiten ás obrigas establecidas na Lei de prevención de incendios forestais de Galicia, sen que sexa esta Ordenanza o marco axeitado para a regulación das autorizacións para este tipo de actividade.

**Terceiro:** Estimar a seguinte alegación presentada por Manuel Andrés Mena García, en representación do Círculo Podemos de Cambre: que se garanta o segredo da data de realización das inspeccións.

**Cuarto:** Modificar o apartado 3 do artigo 26 da Ordenanza municipal de protección da contaminación acústica, quedando redactado como segue a continuación: "As inspeccións poderán levarse a cabo de oficio ou a instancia de parte, e faranse preferentemente no instante da denuncia, dentro das posibilidades do persoal encargado da avaliación, debendo garantirse o segredo da data da súa realización."

**Quinto:** Modificar o apartado 1 do artigo 30 da Ordenanza municipal de protección da contaminación acústica, quedando redactado como segue a continuación: "As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves aos seis meses."

**Sexto:** En vista do enriba exposto e á vista da proposta realizada polo concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, modificar os artigos que alí se indican, quedando a Ordenanza municipal redactada como segue a continuación:

**"ORDENANZA DE PROTECCION CONTRA A CONTAMINACION ACUSTICA DO CONCELLO DE CAMBRE**

INDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxeto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Definicións

Artigo 4. Competencia administrativa e control do cumprimento

Artigo 5. Dereitos e deberes da cidadanía en relación con esta ordenanza

CAPÍTULO II. CALIDADE ACÚSTICA

Sección 1ª. Zonificación acústica

Artigo 6. Áreas acústicas

Artigo 7. Servidume acústica

Artigo 8. Zonas de protección acústica especial e de situación acústica especial

Artigo 9. Suspensión dos obxetivos de calidade acústica

Sección 2ª. Índices acústicos

Artigo 10. Índices acústicos e aplicación

Artigo 11. Métodos de avaliación acústica e persoal autorizado.

Sección 3ª. Obxetivos de calidade acústica

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Artigo 12. Obxetivos de calidade acústica aplicables a áreas acústicas

Artigo 13. Obxetivos de calidade acústica aplicables ao espacio interior

Sección 4ª. Emisores acústicos e valores límite

Artigo 14. Valores límite de recepción para todo tipo de emisor

Artigo 15. Emisores acústicos específicos

Artigo 16. Comportamento dos cidadáns no ambente exterior e nos espazos públicos

Artigo 17. Comportamento dos cidadáns no ámbito doméstico

Sección 5ª. Edificacións, industria e actividades públicas

Artigo 18. Edificacións

Artigo 19. Industrias

Artigo 20. Actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concurrencia e funcionalidade

CAPÍTULO III. PREVENCIÓN E CORRECCIÓN DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Sección 1ª. Prevención da contaminación acústica

Artigo 21. Cálculos e informes de medicións de ruidos, vibracións e illamento acústico

Artigo 22. Acondicionamento de actividades, establecementos e locais

Artigo 23. Distancias entre locais

Sección 2ª. Protección e corrección da calidade acústica

Artigo 24. Actuacións e información sobre protección da calidade acústica

Artigo 25. Medidas de protección: mapas de ruido, plans de acción e outras actuacións

Sección 3ª. Potestade inspectora e sancionadora

Artigo 26. Inspección

Artigo 27. Infraccións e sancións

Artigo 28. Clases de infraccións

Artigo 30. Prescripción das infraccións

Artigo 31. Sancións

Artigo 32. Prescripción das sancións

Artigo 32. Procedemento sancionador

Disposición adicional primeira. Reserva da competencia doutros organismos

Disposición adicional segunda. Réximen fiscal

Disposición adicional terceira. Actividades e infraestructuras novas

Disposición adicional cuarta. Obxectivos de calidade acústica.

Disposición transitoria única. Actividades e instalacións con licencia de actividade ou comunicación previa

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Disposición final única. Entrada en vigor

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ANEXO I. ÍNDICES ACÚSTICOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN

ANEXO II. OBXETIVOS DE CALIDADE E VALORES LÍMITE DE RECEPCIÓN

ANEXO III. CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER EN EDIFICACIÓNS E VALORES DE ILLAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

ANEXO IV. ESTUDIOS ACÚSTICOS

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ruído é un elemento perturbador que afecta á negativamente á calidade de vida das persoas, alterando a súa saúde e benestar. A concienciación social e dos gobernos sobre os prexuízos deste tipo de contaminación levou á Unión Europea a aprobar a Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002, co obxectivo de establecer un marco común destinado a evitar, previr e reducir os efectos nocivos da exposición da poboación ao ruído ambiental.

A normativa sobre o ruído vincúlase na nosa lexislación cos mandatos constitucionais de protección da saúde e do medio ambiente así como co dereito fundamental á intimidade persoal e familiar. A lexislación básica do Estado en materia de ruído vén constituída pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que traspón ao noso ordenamento xurídico dita Directiva. Esta norma estatal foi desenvolta regulamentariamente polo Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, de avaliación e xestión do ruído ambiental, e polo RD 1367/2007, do 19 de outubro, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Na Lei 37/2003 do ruído recoñécese a competencia dos Concellos para aprobar, no marco da normativa estatal e autonómica, ordenanzas sobre ruído. Por outra banda, a normativa autonómica sobre a contaminación acústica en Galicia, está recollida no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, que establece a obrigación dos Concellos de Galicia de contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa estatal.

O Concello de Cambre conta cunha Ordenanza municipal reguladora dá protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores e do exercizo dás actividades de espallamento e/ ou recreativas sometidas a licenza, publicada non BOP nº 33 do 10/02/2000 e con modificación publicada non BOP de 14/07/2005.

Con posterioridade á publicación dá referida ordenanza, entrou en vigor ou novo marco normativo, tanto estatal como autonómico, que regula ou réxime dá protección contra a contaminación acústica, deixando obsoleta a regulación municipal e dando lugar a múltiples contradiccións coa mesma.

De acordo co disposto polo artigo 6 dá Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, todos os concellos de Galicia deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal.

O mesmo sucede co réxime dá intervención administrativa nos actos de uso do só e do subsolo e non exercicio de actividades e apertura de establecementos, que foi obxeto dunha nova regulación tanto estatal como autonómica, existindo ademáis unha Ordenanza municipal que regula esta materia, publicada non BOP N.º 73 do 21 de abril de 2015, que provocou a derrogación parcial de varios artigos dá citada Ordenanza de medio ambiente.

Polo tanto e para dar cumprimento ás esixencias da normativa comunitaria, estatal e autonómica vixentes sobre protección contra a contaminación acústica, así como para responder aos novos retos e necesidades ambientais que se producen na realidade actual deste municipio, faise necesaria a aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora da protección contra a contaminación acústica.

Este Concello pretende dotarse con esta nova ordenanza dun mecanismo eficaz na loita contra a contaminación acústica, establecendo un marco xurídico de intervención na corrección dos incumprimentos dos niveis sonoros ambientais establecidos, contemplando medidas para loitar contra o ruído procedente do tráfico, os comportamentos incívicos, as actividades de lecer nocturno e demais fontes sonoras que sexan susceptibles de causar molestias ás persoas, danos a bens, xerar riscos para a saúde ou benestar ou deteriorar a calidade

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ambiental, no convencemento de que se pode lograr unha conciliación entre o descanso dos veciños, un ambiente acústico de calidade e o desenvolvemento de comportamentos e actividades susceptibles de producir ruído.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular o exercicio das competencias que corresponden ao Concello de Cambre frente á contaminación producida por ruido e vibracións, co fin de garantizar os dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección da saúde, así como á calidade de vida e a un medio ambente adecuado.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Con carácter xeral, quedan sometidas ás prescripcións establecidas nesta ordenanza:

a) Todas as actividades, comportamentos, infraestructuras locais, instalacións, medios de transporte, máquinas, aparellos, obras, vehículos e, en xeral, todos os emisores acústicos, públicos ou privados, individuais ou colectivos, que no seu funcionamiento, uso ou exercicio xeneren ruido e/ou vibracións susceptibles de causar molestias ás persoas, danos aos bens, xenerar riscos para a saúde ou o benestar, ou deteriorar a calidade do medio ambente.

b) As áreas acústicas e as edificacións, como receptores acústicos.

c) As actuacións relativas ao illamento acústico contra ruido e vibraciones na edificación, incluidas as instalacións de aire acondicionado, ventilación e/ou refrixeración, ascensores e calquera elemento constructivo da mesma.

d) Todos os elementos construtivos e ornamentais, en tanto contribúan á transmisión de ruido e/ou vibracións.

e) As actividades non tolerables propias de relacións entre vecinos.

f) As actividades veciñais na rúa, susceptibles de producir e transmitir ruido e/ou vibracións.

g) Os sistemas de aviso acústico.

h) As actividades de carga e descarga de mercancías.

i) Os traballos na vía pública, especialmente os relativos á reparación de calzadas e beirarrúas, ou cortacéspedes, e calquera outro análogo.

l) Os traballos de limpeza da vía pública e de recollida de residuos municipais.

m) Os medios de transporte público e privado, como a circulación de vehículos a motor, ciclomotores e motocicletas.

n) As actividades suxeitas á lexislación vixente en materia de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.

2. Exclúense das prescripcións da ordenanza:

a) As actividades domésticas e comportamientos veciñais que se atopen dentro de límites tolerables, de conformidade co establecido nesta ordenanza e os usos locais.

b) As actividades militares, que se rexirán pola súa lexislación específica.

c) A actividade laboral que, no relativo á contaminación acústica producida no lugar de traballo, rexirase polo disposto na lexislación laboral.

### Artigo 3. Definicións

A efectos do establecido nesta ordenanza, entenderase por:

- Actividade: cualquera instalación, establecemento ou local, público ou privado, de naturaleza industrial, comercial, de servizos ou de almacenamento.

- Área acústica: ámbito territorial, delimitado polo Concello, que presenta o mesmo obxetivo de calidade acústica.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Área urbanizada: superficie do territorio que reúna os requisitos establecidos na lexislación urbanística aplicable, de solo urbano ou urbanizado, que se atope integrada, de manera legal e efectiva, na rede de dotacións y servicios propios dos núcleos de población. Se entenderá que así ocurre para as parcelas, estean ou non edificadas, que conten coas dotacións e os servicios requeridos pola lexislación urbanística ou podan chegar a contar con eles sen outras obras que as de conexión ás instalacións en funcionamento.

- Área urbanizada existente: a superficie do territorio que fora área urbanizada antes da entrada en vigor do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de noviembro, do ruido.

- Avaliación acústica: resultado de aplicar calquera método que permita calcular, predecir, estimar ou medir a calidade acústica e os efectos da contaminación acústica.

- Calidade acústica: grado de adecuación das características acústicas dun espazo ás actividades que se realizan no seu ámbito.

- Contaminación acústica: presenza no ambente de ruido ou vibracións, calquera que sexa o emisor acústico que os orixine, que impliquen molestia, risco ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquiera natureza, ou que causen efectos significativos sobre o medio ambente.

- Efectos nocivos: os efectos negativos sobre a salúde humana ou sobre o medio ambente.

- Emisor acústico: cualquera actividade, infraestructura, equipamento, maquinaria ou comportamento que xenere contaminación acústica.

- Índice acústico: magnitude física para describir a contaminación acústica, que ten relación cos efectos producidos por ésta. Pode ser de ruido ou de vibracións, segundo a orixe causante dos efectos nocivos producidos e, ademáis, pode ser de recepción ou de emisión, segundo o obxeto de avaliación. O índice de recepción de ruido é o índice relativo á contaminación acústica producida por ruido existente nun lugar nun tempo determinado. A estes efectos aclárase que esta ordenanza utiliza o termo índice de recepción para referirse ao tamén denominado índice de inmisión, por ser un termo de uso máis común e por elo máis comprensible para os cidadáns.

- Locais acústicamente colindantes: aqueles que compartan a mesma estrutura constructiva ou ben que se ubiquen en estructuras construtivas contiguas, entre as que sexa posible a transmisión estructural do ruido. Non se considerarán locáis acústicamente colindantes aqueles nos que a transmisión do ruido entre o emisor e o receptor se produza únicamente a través do medio ambente exterior.

- Mapa de ruido: presentación de datos sobre unha situación acústica existente ou pronosticada en función dun índice de ruido, na que se indicará a superación de cualquera valor límite pertinente vixente, o número de persoas afectadas ou número de vivendas expostas a determinados valores dun índice de ruido nunha zona específica.

- Mapa estratéxico de ruido: mapa de ruido deseñado para poder avaliar globalmente a exposición ao ruido dunha zona determinada, debido á existencia de distintas fontes de ruido, ou para poder realizar prediccións globais para a dita zona.

- Molestia: grao de perturbación que provocan o ruido ou as vibracións á poboación, determinado mediante enquisas sobre o terreo.

- Obxetivo de calidade acústica: conxunto de requisitos que, en relación coa contaminación acústica, deben cumprirse nun momento dado nun espazo determinado.

- Plan de acción: plan encaminado a afrontar cuestións relativas ao ruido e aos seus efectos, incluida a reducción do ruido, se fora necesario.

- Ruido ambiental: son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluido o ruido emitido polos medios de transporte, polo tráfico rodado, ferroviario e aéreo, e por emplazamentos de actividades industriais.

- Tempo de reverberación: intervalo temporal que transcurre desde que a emisión sonora cesa ata que decrece 60 dB.

- Valor límite: valor dun índice acústico, medido conforme a unhas condicións establecidas, que non debe ser superado e que, de superarse, obriga ás autoridades competentes a prever ou a aplicar medidas tendentes a evitar tal superación.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Zona común: zona ou zonas dun edificio que pertencen ou dan servicio a varias unidades de uso.

- Zonas de protección acústica especial: áreas acústicas onde se incumpran os obxectivos de calidade acústica aplicables, aínda observando os emisores acústicos os valores límite aplicables.

- Zonas de servidume acústica: sectores do territorio, delimitados nos mapas de ruido, nos que os valores de recepción poderán superar os obxetivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas e onde se poderán establecer restriccións para determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, polo menos, cumprir os valores límite de recepción establecidos para aquéles.

- Zonas de situación acústica especial: zonas de protección acústica especial nas que as medidas correctoras incluidas nos plans zonais específicos que se desenvolvan non podan evitar o incumprimento dos obxetivos de calidade acústica.

- Zonas tranquilas en campo abierto: espazos non perturbados polo ruido procedente do tráfico, actividades industriais ou actividades deportivo-recreativas.

**Artigo 4. Competencia administrativa e control do cumprimento**

1. Corresponde ao Concello exercer o control do cumprimento da ordenanza e, entre outras competencias:

a) Delimitar as áreas acústicas, sinalar limitacións, declarar zonas tranquilas ou zonas de protección e/ou de situación acústica especial, a suspensión dos obxetivos de calidade acústica e a declaración de servidumes acústicas para infraestructuras da súa competencia.

b) Ordenar as inspeccións que sexan necesarias, aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado e esixir a adopción das medidas correctoras necesarias.

2. O procedemento para o exercicio das competencias definidas no apartado a) do punto anterior será iniciado por acordo do órgano competente e será sometido a información pública e audiencia das persoas interesadas por un período non inferior a un mes.

As alegacións que se presenten se resolverán motivadamente e se procederá á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da provincia, para o cual se dará cumprida información, ademáis, mediante os medios de publicación indicados no artigo 24 da presente Ordenanza.

As modificacións e ceses que afecten a estas zonas seguirán o mesmo procedemento que a súa aprobación.

Naqueles casos nos que se proceda á suspensión dos obxetivos de calidade acústica ou se recurra a medidas correctoras, a autorización que se conceda expresará os aspectos determinados, entre outros o prazo, ámbito e niveis sonoros que se prevé conseguir, nun estudo acreditativo do seu impacto acústico, conforme ao anexo IV da ordenanza.

3. Serán persoal competente para realizar labores de inspección, os técnicos municipais designados, a Policía Local, outro persoal habilitado para tales efectos ou entidades de control formalmente contratadas para a prestación destes servicios, debidamente autorizadas pola normativa estatal ou autonómica, ou coa capacitación técnica exixida polos artigos 10 ou 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, segundo corresponda, cando se requira a utilización de instrumentos complexos, tales como fontes de ruido, sonómetros analizadores ou analizadores acústicos, fontes de ruido de impacto, analizadores de vibracións ou similares.

4. No exercicio da función inspectora, o persoal competente poderá:

a) Acceder ás actividades, instalacións ou ámbitos xeradores ou receptores sonoros (de ruido ou de vibracións) nos termos previstos na lei.

b) Requerir a información e a documentación administrativa que autorice as actividades e instalacións ou cualquera emisor obxeto de inspección.

c) Proceder á medición, avaliación e control necesarios en orde a comprobar o cumprimento das disposicións vixentes na materia e das condicións da autorización con que conte a actividade.

d) Realizar as probas, investigacións ou exames necesarios para comprobar o cumprimento desta ordenanza.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e) Realizar cantas actuacións sexan precisas, en orde ao cumprimento das funcións de inspección que desenvolvan.

**Artigo 5. Dereitos e deberes da cidadanía en relación con esta ordenanza**

1. Toda a cidadanía ten dereito á información pública sobre a contaminación acústica no Concello, e a denunciar calquera actuación pública ou privada que, incumprindo as prescripcións establecidas na presente ordenanza, implique molestia, risco ou dano para as persoas, bens de calquera natureza ou ao medio ambente, de acordo co disposto na normativa reguladora de protección contra a contaminación acústica e segundo o establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambente; así como o deber de observar as normas sobre conducta que en relación coa contaminación acústica se determinan na presente ordenanza.

2. As persoas titulares e/ou responsables das instalacións, actividades ou equipos xeradores de ruido e/ou vibracións, tanto ao aire libre como en establecementos ou locais, facilitarán ao personal inspector o acceso a ás instalacións ou focos de emisión de ruido e disporán o seu funcionamento na forma que lle indique dito persoal inspector, podendo presenciar o proceso operativo, sempre que non comprometan o seu desenvolvemento.

Asimesmo, os posibles afectados deberán facilitar o acceso ás súas vivendas ou locais co obxeto de poder realizar as inspeccións e medicións que se establezan como requisito preceptivo na presente Ordenanza para a solicitude de licenza, autorización ou comunicación previa de calquera clase. O Concello, se fora necesario, realizará as citacións oportunas para a práctica de ditas inspeccións e medicións.

En caso de que os posibles afectados deneguen o acceso ás súas vivendas ou locais para a realización das comprobaciones oportunas sen causa xustificada, a medición se realizará no lugar que determine o Concello.

## CAPÍTULO II. CALIDADE ACÚSTICA

### Sección 1ª. Zonificación acústica

**Artigo 6. Áreas acústicas**

A clasificación e zonificación de áreas acústicas axustarase aos tipos e criterios establecidos pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruido, e polo Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, que a desenvolve, así como ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Os tipos de áreas serán: residencial, industrial, recreativa e de espectáculos, de uso terciario distinto ao contemplado no caso anterior, sanitario, docente e cultural, con sistemas xerais de infraestructuras de transporte ou outros equipamentos públicos que os reclamen e espazos naturais.

**Artigo 7. Servidume acústica**

1. A efectos da aplicación desta ordenanza, considéranse servidumes acústicas as destinadas a conseguir a compatibilidade do funcionamento ou desenvolvemento das infraestructuras de competencia municipal cos usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións implantadas, ou que podan implantarse na zona de afección, polo ruido orixinado nas ditas infraestructuras.

Poderán quedar gravados por servidumes acústicas os sectores do territorio afectados polo funcionamiento ou desenvolvemento das mencionadas infraestructuras, así como os sectores de territorio situados no entorno de tales infraestructuras, existentes ou proxectadas.

As zonas de servidume acústica se establecerán e incluirán nos instrumentos de planeamento urbanístico e nos mapas de ruido correspondentes, conforme ao establecido nos artigos 5.2 y 5.3 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

2. As zonas de servidume acústica delimitaranse mediante a aplicación dos criterios técnicos indicados na normativa vixente. Estas zonas comprenderán o territorio delimitado pola curva de nivel do índice acústico (isófona)

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

correspondente ao valor límite da área acústica do tipo a), «Residencial», que figura na táboa II.B.I. desta Ordenanza.

Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas estableceranse limitacións para determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, polo menos, cumprir os valores límite de recepción establecidos para aquéles. Cando se produzan modificacións sustanciais nas infraestructuras, que orixinen variacións significativas dos niveis sonoros no entorno das mesmas, deberá revisarse a delimitación das servidumes acústicas.

3. Cando se delimite unha zona de servidume acústica nunha área urbanizada, o promotor deberá elaborar simultáneamente o correspondente mapa de ruido e plan de acción en materia de contaminación acústica, que conterá as medidas correctoras que deban aplicarse aos emisores acústicos vinculados ao funcionamento da infraestructura, as persoas responsables dá súa adopción, a cuantificación económica e un proxecto de financiación.

**Artigo 8. Zonas de protección acústica especial e de situación acústica especial**

1. As áreas acústicas nas que se incumplan os obxetivos de calidade acústica serán declaradas polo Concello zonas de protección acústica especial, coa finalidade de reducir eses niveis ata conseguir os obxectivos de calidade acústica propios da zona en cuestión.

2. Unha vez declarada a zona de protección acústica especial, elaborarase un plan zonal específico que recolla as medidas correctoras a aplicar para a mellora acústica da zona, ata conseguir os obxectivos de calidade acústica que lle sexan de aplicación, así como as persoas responsables da súa aplicación, cuantificación económica e proxecto de financiación.

Entre as medidas correctoras que poderán conter os plans zonais específicos están as seguintes: instalación de barreiras acústicas, illamiento de fachadas, restriccións horarias e/ou de emisións para obras na vía pública ou en edificacións, restriccións para vehículos a motor, actividades ou outros emisores acústicos concretos, actuacións sobre as vías de propagación (como o firme de estradas) ou calquera outra medida similar que favoreza unha reducción dos niveis de ruido.

Así mesmo, poderán adoptarse as seguintes medidas:

A. Suspensión da concesión de licenzas de actividade e presentación de comunicacións previas que podan agravar a situación.

B. Restrición dos horarios para o desenvolvemento das actividades responsables, directa ou indirectamente, dos elevados niveis de contaminación acústica.

C. Prohibición ou limitación horaria da colocación de mesas e sillas na vía pública e/ou retirada temporal da autorización concedida a tales efectos.

D. Delimitación de rúas e vías públicas nas cales non podan circular determinadas clases de vehículos a motor, establecemento de restriccións horarias ou de velocidade nas mesmas, xunto coas medidas precisas para garantir o acceso a residentes.

E. Calesquera outras medidas que se consideren axeitadas para a reducción dos niveis de contaminación acústica, en concreto a tramitación dos procedementos de revisión das licencias, declaración de ineficacia e suspensión dos efectos das comunicaciones previas.

O Concello poderá prohibir que aquelas actividades pertencentes a tipos cuxa prohibición ou limitación estivera incluida no réxime de Zona de Protección Acústica Especial e leven máis dun ano pechadas, reinicien a súa actividade e/ou que se inicie outra de características similares.

3. No caso de que as medidas correctoras aplicadas non foran eficaces para o cumprimento dos obxetivos de calidade acústica, unha vez transcurridos 3 anos, desde a súa adopción, declararase a área como zona de situación acústica especial. Neste caso aplicaranse novas medidas correctoras dirixidas á consecución dos ditos obxetivos de calidade acústica no espazo interior.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. O plan de acción derivado do mapa do ruido correspondente ás zonas indicadas neste artigo e conforme ao artigo 25 incluirá, nestes casos, os plans zonais específicos que se determinen.

5. O procedmento que se seguirá para a declaración e execución das actuacións nestas zonas será o indicado no artigo 4.2 desta Ordenanza.

**Artigo 9. Suspensión dos obxetivos de calidade acústica**

1. Os obxectivos de calidade acústica poderán ser suspendidos polo Concello conforme ao indicado no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, e no artigo 9 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.

Non se acordará a suspensión dos obxectivos de calidade acústica en aquelas áreas que requiran de especial protección contra a contaminación acústica segundo a lexislación vixente, como son as clasificadas como tipo sanitario, docente e cultural e os espazos naturais.

2. Sen perxuizo de calquera outras autorizacións, comunicacións ou trámites requeridos pola normativa aplicable, a suspensión dos obxectivos de calidade acústica deberá ser acordada con carácter previo á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, verbenas, concertos, espectáculos singulares, concentracións populares, deportivas, artísticas, de asociacións ou análogas, que se celebren ao aire libre ou en recintos que non dispoñan de medidas de illamento aptas para garantir o cumprimento de ditos obxetivos de calidade, incluso se a actividade en cuestión fora promovida ou auspiciada polo Concello.

A resolución municipal que acorde a suspensión deberá incluir a referencia da normativa sobre contaminación acústica aplicable; a delimitación do espazo ou recinto onde terá lugar o acto, que terá a consideración de foco sonoro; a determinación das persoas responsables da actividade; os límites horarios para a súa celebración; os niveis de ruido equivalente ponderado A (LAeq) e picos máximos permitidos, así como calquera outra limitación, medida de protección necesaria ou característica relevante, podendo incluir a instalación de aparellos de control permanente de ruido (limitadores de son) cando se prevea a utilización de equipos de reproducción de son ou audiovisuais. Incluirase un estudo acreditativo do seu impacto acústico, conforme ao anexo IV da ordenanza.

3. O procedemento que se seguirá neste caso será o indicado no artigo 4.2.

4. Sen perxuizo do anterior, poderanse superar ocasional e temporalmente os obxetivos de calidade acústica sen necesidade de autorización en supostos de emerxencia, con motivo da prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, sanitarios, de seguridade ou outros de análoga natureza.

## Sección 2ª. Índices acústicos

**Artigo 10. Índices acústicos e aplicación**

1. Aos efectos do regulado na presente Ordenanza, establecense os índices acústicos recollidos no Anexo I.

Estes índices serán de aplicación para a avaliación do ruido e das vibracións, na verificación do cumprimento dos obxetivos de calidade acústica aplicables ás áreas acústicas e ao espazo interior dos edificios, para a avaliación dos niveis sonoros producidos e transmitidos polas infraestructuras, actividades, instalacións e comportamentos, na delimitación das servidumes acústicas, na verificación do cumprimento dos valores límite para os emisores acústicos, así como para os obxectivos de calidade acústica e os valores límite de recepción que se mostran no anexo II da ordenanza.

2. A producción e transmisión de ruido e vibracións na vía pública, nas zonas de pública concurrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar os límites establecidos nesta norma.

3. Aos efectos do regulado nesta Ordenanza, establecense os seguintes tres períodos horarios: diurno, constituido por 12 horas continuadas de duración, comprendido entre as 7: 00 e ata as 19.00 horas; o periodo vespertino ou de tarde, comprendido entre as 19.00 e as 23.00 horas, e o nocturno, entre as 23.00 e as 7.00 horas.

A cada período seralle aplicable un valor determinado dos índices de ruido segundo as táboas e disposicións correspondentes.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Artigo 11. Métodos de avaliación acústica e persoal autorizado.**

1. A avaliación acústica levarase a cabo segundo os procedementos de cálculo e medición dos índices acústicos, tal e como se reflicte no anexo I, en consoancia coa normativa estatal de referencia ou norma que a modifique ou sustitúa en materia de contaminación acústica.

2. As tarefas de avaliación acústica necesarias para o cumprimento da ordenanza poderán ser realizadas, a requerimento do Concello, ademáis de polos técnicos municipais designados e axentes da Policía Local, por persoal de entidades públicas ou por entidades privadas en funcións de asistencia técnica ao Concello, coa capacitación técnica exixida polos artigos 10 e 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, segundo corresponda.

3. O Concello poderá dotarse dunha rede de ruido, consistente en equipos de medición localizados en varios puntos das diferentes áreas acústicas ou zonas singulares coas que zonifique o seu territorio, a efectos informativos, de observación ou vixilancia.

## Sección 3ª. Obxectivos de calidade acústica

**Artigo 12. Obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas acústicas**

1. Os obxetivos de calidade acústica para ruido en espazo exterior para áreas urbanizadas existentes son os establecidos na táboa II.A.1 do anexo II desta Ordenanza, debendo disminuirse en 5 dB para o resto de áreas.

2. Considerarase que se respetan os obxectivos de calidade acústica cando, para cada un dos índices de recepción de ruido, Ld, Le, o Ln, avaliados conforme aos procedementos establecidos no anexo I, se cumpla, no período dun ano, que:

a) Ningún valor supera os valores fixados en la táboa II.A.1. desta Ordenanza.

b) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na táboa II.A.1.

**Artigo 13. Obxectivos de calidade acústica aplicables ao espazo interior**

1. Os obxectivos de calidade acústica para ruido e para vibracións en espazo interior son os establecidos nas táboas II.A.2 y II.A.3 do anexo II da ordenanza.

2. A efectos de comprobar o cumprimento dos ditos obxectivos se considerará que, para:

a) Ruido: se respetan os obxetivos de calidade acústica cando para cada un dos índices de recepción de ruido, Ld, Le, o Ln, avaliados conforme aos procedementos establecidos no anexo I, se cumple, no período dun ano, que:

i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na táboa II.A.2.

ii) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na táboa II.A.2.

b) Vibracións: se respetan os obxetivos de calidade acústica cando, para o índice de vibracións Law, avaliado conforme aos procedementos establecidos no anexo I, se cumple, no período dun ano, que:

i) En período nocturno ningún valor supera os valores fixados en la táboa II.A.3.

ii) En ningún caso se superan en 5 dB os valores mostrados na táboa II.A.3.

iii) Para vibracións estacionarias en ningún caso se superan os valores fijados en la tabla II.A.3.

iv) Para vibracións transitorias o conxunto de superacións permitidas non debe ser maior de 9. A estes efectos, cada evento cuxo exceso non supere os 3 dB será contabilizado como 1 e, se os supera, como 3.

3. Os obxectivos de calidade acústica en espazo interior deberán cumprir as obrigas fixadas para edificacións na lexislación vixente, establecidas no artigo 17.2 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, o artigo 10 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, ou normas que as modifiquen ou sustitúan, e o artigo 17 da ordenanza.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

## Sección 4ª. Emisores acústicos e valores límite

### Artigo 14. Valores límite de recepción para todo tipo de emisor

1. Os valores límite de recepción por transmisión de emisións de ruido de novas infraestructuras ao medio ambente exterior son os establecidos nas táboas II.B.1 e II.B.2 do anexo II da ordenanza.

Os valores límite de recepción por transmisión ao medio ambente exterior de emisións de ruido de novas instalacións, establecementos e actividades portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportiva, recreativa, de ocio ou similares, son os establecidos na táboa II.B.3. desta Ordenanza.

2. En todo caso, os valores mostrados nas táboas II.A.2 e II.A.3 terán a consideración de valores límite de recepción para interior, sen perxuizo doutros supostos que se indican neste artigo.

Os valores límite de recepción por transmisión a locais colindantes de emisions de ruido de instalacións, establecementos, actividades industrial, comercial, de almacenamento, deportiva, recreativa, de ocio ou similar, son os establecidos na táboa II.B.4. desta Ordenanza.

En edificios de uso exclusivo comercial, oficinas ou industrial, os límites esixibles de transmisión interior entre locais de diferente titularidade son os establecidos en función do uso do edificio.

3. Considerarase que se cumpren os valores límite de recepción de ruido cando, para cada un dos índices de recepción de ruido, avaliados conforme aos procedementos establecidos no anexo I, no período dun ano, para:

a) Infraestructuras:

i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na táboa II.B.1.

ii) Ningún valor diario supera en 3 dB os valores fixados na táboa II.B.1.

iii) O 97 % de todos os valores diarios non supera os valores fixados na táboa II.B.1.

b) Actividades:

i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados nas tablas II.B.3 e II.B.4.

ii) Ningún valor diario supera en 3 dB os valores os valores fixados na táboa II.B.3 e II.B.4.

iii) Ningún valor LKeq,Ti supera en 5 dB os valores os valores fixados na táboa II.B.3 e II.B.4.

En todo caso, a efectos do cumprimento dos valores límite de recepción, para ruido transmitido a espacio interior non colindante, se procederá conforme ao establecido no artigo 13 da ordenanza.

4. A efectos da inspección de actividades en funcionamiento se considerará que se respetan os valores límite de recepción de ruido cando se cumpran os apartados b.ii) e b.iii) do número anterior deste artículo.

5. Os valores límite de recepción de vibracións coincidirán, en todo caso, cos obxetivos de calidade establecidos no artigo 13 da ordenanza.

6. O disposto neste artigo aplicarase únicamente fora das zonas de servidume acústica e para toda infraestructura e actividade, tanto nova como en funcionamento.

### Artigo 15. Emisores acústicos específicos

1. O valor límite de emisión sonora dos vehículos de motor e ciclomotores en circulación será o correspondente a sumar 4 dB ao nivel de emisión indicado na homologación do mesmo, avaliado co vehículo parado, segundo o procedemento establecido e conforme á regulamentación aplicable. En caso de non aparecer entre as características técnicas do vehículo o nivel de emisión sonora, o valor límite será 91 dB para ciclomotores, e para o resto de vehículos será o valor de emisión obtido seguindo o procedemento establecido na lexislación vixente incrementado en 4 dB, cando a inspección técnica dictamine o correcto estado do vehículo.

Os vehículos de motor non permanecerán en ningún caso parados co motor aceso sen o condutor no seu posto ou por un tempo superior a dous minutos.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Co fin de que o nivel sonoro emitido polos vehículos ao circular ou co motor en marcha, non exceda dos límites que establece a presente Ordenanza, todos os vehículos de tracción mecánica deberán ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión así como outros elementos do mesmo capaces de xerar ruídos e vibracións, especialmente o dispositivo silenciador dos gases de escape.

Queda prohibida a circulación de vehículos de motor ou ciclomotores sen elementos silenciadores ou resultando estes ineficaces, inadecuados ou equipados con tubos resonadores.

Sen perxuízo do disposto no establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria aplicables, queda prohibido o uso do cláxon ou calquera outro sinal acústico, de maneira innecesaria ou excesiva, salvo nos casos de: inminente perigo de atropelo ou colisión; vehículos privados en auxilio urxente de persoas ou servizos públicos de urxencia ou de asistencia sanitaria.

Non se permitirá a realización de prácticas indebidas de condución, en particular aceleracións inxustificadas a vehículo parada ou en marcha, freadas bruscas ou derrapaxes que dean lugar a ruídos innecesarios ou molestos que perturben a convivencia.

Os sistemas de reprodución de son de que estean dotados os vehículos, non poderán transmitir ao ambiente exterior, niveis sonoros superiores aos máximos autorizados na presente Ordenanza, fóra dos sistemas de sinais acústicos dos vehículos de motor destinados a urxencias.

As alarmas instaladas en vehículos deberán cumprir coas especificacións técnicas en canto ao tempo máximo de emisión por ciclo de funcionamento, secuencia de repetición e niveis de emisión máxima que indique a certificación do fabricante, respectando, en todo caso, o tempo máximo de emisión de tres minutos ata a súa desconexión e a un nivel máximo de emisión de 85 dBA, medido a tres metros na dirección de máxima emisión.

Os vehículos de motor destinados a servicios de urxencias disporán dun mecanismo de regulación da intensidade sonora dos dispositivos acústicos que a reduza a uns niveis máximos de 90 dB medidos a tres metros de distancia e na dirección de máxima emisión.

O Concello promoverá a utilización e contratación de vehículos de transporte público que posean uns valores de emisión sonora baixos.

2. As embarcacións de recreo seguirán as indicacións da normativa específica vixente sobre requisitos de emisións sonoras, conforme ao indicado no artigo 20 do Real decreto 1367/2007, de 19 de outubro.

3. A maquinaria utilizada en actividades ao aire libre en xeral, nas obras públicas e na construción en particular, deberá axustarse ás prescripcións establecidas na lexislación vixente, e serán empregadas nas condicións correctas de funcionamento, conforme ao indicado no artigo 22 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro. En todo caso, o Concello fomentará a utilización de maquinaria, equipos e pavimento de baixa emisión acústica nas contratacións de obras, suministros e prestacións de servicios, limpeza pública, recollida de residuos sólidos urbanos, mantemento de parques e xardíns, etc.

Será necesaria unha autorización municipal para a realización de obras tanto na vía pública como na edificación, con empleo de maquinaria que teña un nivel de emisión superior a 90 dB. Estes traballos se realizarán únicamente en período diurno e/ou vespertino, exceptuando as obras urxentes por necesidade inmediata ou perigo, para o cal é preceptiva a previa solicitude da persoa interesada e será necesario que na autorización municipal se valore o impacto acústico, todo elo conforme ao indicado no anexo IV da ordenanza. O persoal adicado a esas tarefas estará obligado a levar equipos de protección acústica.

4. As actividades de carga e descarga de mercancías, caixas, contedores, materiais de construción e obxetos similares na vía pública realizaranse preferentemente en período diurno e/ou vespertino. O persoal dos vehículos de reparto deberá cargar e descargar as mercancías sen xerar impactos directos sobre o solo do vehículo ou do pavimento e evitará o ruido producido polo desplazamento ou trepidación da carga durante o percorrido.

5. O Concello promoverá que os servicios de limpeza e/ou recollida de basura nas vías e zonas públicas, actúen preferentemente durante os períodos diurno e vespertino. En todo caso, e especialmente en horario nocturno, adoptaranse as medidas necesarias para a reducción do impacto sonoro, sempre dentro dos valores legais, e se adxuntarán nos pregos de cláusulas administrativas correspondentes, tanto para os vehículos como para as actividades. O Concello valorará especialmente nos pregos de cláusulas administrativas as actividades de limpeza e

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de recollida de basura nas vías e zonas públicas, cuxos vehículos e maquinaria posúan uns valores de emisión sonora baixos.

**Artigo 16. Comportamento dos cidadáns no ambente exterior e nos espazos públicos.**

1. A producción de ruido e vibracións na vía pública e nas zonas de pública concurrencia, tales como plazas, parques, xardíns, etc, deberá manterse dentro dos límites que establece esta Ordenanza.

Os valores límite de recepción a considerar a tales efectos serán os indicados no artigo 14 desta ordenanza para actividades.

2. Prohíbese a implantación ou uso, na vía pública, de reproductores de voz, amplificadores de son, aparellos de radio ou televisión, instrumentos musicais, actuacións vocais ou análogos, así como o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción, salvo nos casos expresamente previstos por esta ordenanza e previa autorización.

3. Están prohibidos, por considerarse conductas non tolerables, os gritos, golpes, festas, bailes, cantos, traballos, reparacións, movemento de mobiliario, ruido dos animais, utilización de bocinas ou a utilización de instrumentos sonoros ou musicais, a música nos vehículos que se propague ao exterior e outros de similar natureza, que superen os valores límite que establece esta ordenanza. Consideranse especialmente gravosos os citados comportamentos cuando teñan lugar en período nocturno.

4. Prohíbese en horario nocturno a práctica de xogos e deportes en espazos públicos abertos tales como pistas deportivas en zonas de uso residencial, prazas, calzadas, etc, perturbando o descanso vecinal.

5. Queda prohibido explotar petardos ou elementos pirotécnicos fora dos lugares e ocasións autorizados.

6. Prohíbese, con carácter xeral, o emprego en espazos públicos de todo dispositivo sonoro con fins de alarma, propaganda, reclamo, aviso, distracción, e análogos, cuxas condicións de funcionamento produzan molestias. Cando por razóns de interese xeral sexa necesario o seu emprego, deberá contar con autorización municipal, previa xustificación da súa necesidade. Esta prohibición non rexirá nos casos de emerxencia.

A actividade dos dispositivos de alarma soamente se acepta para os casos establecidos como avisos, tentativas de roubo ou similares, ou outros casos xustificados, nos instantes posteriores á instalación e comprobacións periódicas do seu funcionamiento (cun máximo de unha vez cada tres meses e en período diurno), e todo durante un tempo total de funcionamento (incluidas as paradas) non superior a 10 minutos, tras o cal o sistema de aviso será luminoso. Os valores que se consigan non poderán superar os 85dB medidos a 3 metros de distancia en dirección de máxima emisión. O tempo de emisión continuado será dun máximo de 30 segundos e similar ao das paradas.

**Artigo 17. Comportamento dos cidadáns no ámbito doméstico.**

1. A producción de ruidos e vibracións por encima dos límites esixidos pola presente ordenanza terá a consideración de comportamento veciñal non tolerable.

2. En concreto, consideraranse comportamentos non tolerables:

a) O uso de aparellos, instrumentos musicais e electrodomésticos susceptibles de producir ruido que impidan o descanso nocturno.

b) A celebración de festas que perturben o descanso vecinal.

c) Falar nun ton excesivamente elevado, así como a realización de calquera actividade persoal que altere ou perturbe o descanso nocturno.

d) O arrastre de mobiliario doméstico dentro do horario nocturno e a realización de traballos de bricolaxe e reparacións domésticas en domingos e festivos.

e) O uso de aparellos de reproducción sonora a un volume elevado.

f) Calquera actividade ou comportamento individual ou colectivo como cantar, golpear obxetos ou calquera outro tipo de molestias que resulten perturbadoras por ruidos para o vecindario, verificado polos Axentes da Autoridade, e que resulte evitables coa observancia dunha conducta cívica normal.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. Consideraranse especialmente gravosos para a convivencia cívica os citados comportamientos cando teñan lugar en período nocturno.

4. Cando dentro do ámbito dos comportamentos esixidos aos cidadans, se constaten incumprimentos reiterados ao disposto no presente artigo, poderase acordar a adopción de medidas de illamento acústico como as exixidas para as actividades. Todo elo sen perxuizo de que se impoñan as sancións correspondentes aos responsables. Considerarase reiterado o comportamento cando se constaten dous ou máis incumprimentos do mesmo tipo nun período de seis meses.

## Sección 5ª. Edificacións, industria e actividades públicas

### Artigo 18. Edificacións

1. Aos efectos da aplicación desta ordenanza, considéranse edificacións as construccións incluidas dentro do ámbito de aplicación que establece o documento básico «DB-HR Protección frente ao ruido» do Código técnico da edificación, aprobado mediante Real decreto 1371/2007, do 19 de octubre, ou norma que a modifique ou sustitúa.

Este real decreto aplicarase ás novas edificacións, que son aquelas con licenza municipal solicitada posteriormente ao 24 de abril de 2009. Igualmente se aplicará ás modificacións ou reformas das edificacións con solicitude anterior a esa data. No resto de casos poderán optar por satisfacer as condicións acústicas establecidas na NBE CA-88, publicadas na Orde de 29 de setembro de 1988.

2. Considerarase que unha edificación cumpre as esixencias acústicas derivadas da aplicación dos obxetivos de calidade acústica ao espazo interior das edificacións e os valores límite de actividades cando, ao aplicar o sistema de verificación acústica, se cumpran as esixencias acústicas básicas e métodos impostos polo Código técnico da edificación «DB-HR Protección frente ao ruido», aprobado mediante o Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, norma que o modifique o sustitúa, ou polo NBE CA-88, segundo corresponda.

3. En cumprimento do establecido pola lexislación vixente, para a concesión da licenza de primeira ocupación deberá achegarse, xunto á correspondiente certificación de fin de obra, certificación do cumprimento das condicións acústicas, mediante a presentación de informe de ensaios in situ, acreditativo do cumprimento das prescripcións establecidas neste artigo e os artigos 10 e 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo. Exímese desta obriga cando se trate de vivendas unifamiliares, sempre e cando non teñan elementos medianeiros con outras vivendas.

4. As instalacións de aire acondicionado, ventilación, climatización, ascensores e calquera outro elemento constructivo en edificacións deberán cumprir cos valores límite indicados no artigo 14 desta ordenanza, para todo tipo de emisor, e co el Real decreto 1371/2007, do 19 de outubre, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección frente ao ruido» do Código técnico da edificación CTE.

### Artigo 19. Industrias

A producción e transmisión de ruido e vibracións orixinados polas actividades industriais axustaranse ao establecido nesta ordenanza quedando, ademáis, sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica e autonómica de protección ambiental, para aquélas que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental.  Dito procedemento incluirá un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao artigo 21 e o anexo IV da ordenanza e esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se dicten.

### Artigo 20. Actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concorrencia e funcionalidade

1. A efectos da aplicación deste artigo, as actividades deberán encadrarse necesariamente en algún dos grupos nos que as clasifica esta ordenanza no seu Anexo III, co seu correspondiente illamento acústico, con independencia do que lle faculte o seu epígrafe fiscal.

2. A producción e a transmisión de ruido e vibracións orixinados polas actividades axustaranse ao establecido nesta ordenanza e no artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo. As persoas titulares desas actividades deberán adoptar as medidas de insonorización das fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir cos

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

valores límite de recepción e transmisión de ruido e vibracións establecidos nesta ordenanza; quedando ademáis, sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica y autonómica, de incidencia e protección ambiental, para aquelas que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de incidencia ambiental. Dito procedemento incluirá un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao anexo IV da ordenanza e esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se dicten.

3. Sen perxuizo do establecido na Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreo de uso público (BOP nº 228 de 27/11/2015), para establecementos abertos ao público con terraza, as personas titulares das actividades cuidarán do mantemento do orden nas terrazas, debendo solicitar a actuación do Concello en caso de alteración ou molestia para o vecindario. En ningún caso poderán producir e transmitir ruido que supere, en espacios abertos ou interiores, os valores de recepción que figuran no anexo II da ordenanza.

4. As actividades complementarias que se desenvolvan no exterior dos establecementos de hostelería (incluida a de terraza) non poderán ter equipos de música ou outros reproductores sonoros, nin outros elementos susceptibles de producir ruido.

5. En todas as actividades que dispoñan de persianas enrollables como elemento de cerre será obrigatoria a instalación de sistemas antivibratorios co fin de garantizar que co seu uso non se superen os límites de ruidos establecidos nesta ordenanza.

6. Son deberes dos titulares das actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concurrencia e funcionalidade as seguintes:

– Exercer a actividade nos termos establecidos na correspondente licenza de apertura e autorización de funcionamento ou, no seu caso comunicación previa, e axustala aos límites previstos na presente ordenanza.

– Exercer a actividade coa dilixencia debida para evitar a producción de molestias a usuarios e vecindario.

– Cumprir as ordes individuais que se lle poidan dirixir desde o Concello co obxeto de evitar a producción de perturbacións por ruidos e vibracións, especialmente en horario nocturno.

– Adoptar as medidas necesarias para evitar que o público realice as sús consumicións fora do establecemento ou na vía pública, excepto nas terrazas debidamente autorizadas.

– Impedir a superación dos límites de aforo establecido no título habilitante.

– Cumplir fielmente os horarios de peche dos locais, especialmente en horario nocturno.

– Manter as instalacións e medidas correctoras en perfecto estado de funcionamento, así como proceder á súa inmediata reparación garantindo o exercicio da actividade nas condicións establecidas nesta Ordenanza.

– Manter a orde entre os seus clientes, tanto no local como nas terrazas.

– Colaborar cos servicios de inspección e cos Axentes da autoridade no cumprimento das súas funciones.

## CAPÍTULO III. PREVENCIÓN E CORRECCIÓN DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

### Sección 1ª. Prevención da contaminación acústica

#### Artigo 21. Cálculos e informes de medicións de ruidos, vibracións e illamento acústico nos expedientes de actividade

1. Cando se solicite licenza ou se presente comunicación previa para o inicio de algunha das actividades incluidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza, en particular as que se desenvolvan en edificacións de zonas de tipo residencial e sanitario, docente e cultural, así como nas zonas de protección, deberá incluirse no proxecto ou na memoria presentadas un anexo no que se xustifique o cumprimento do establecido na presente Ordenanza, en todo aquelo que lle sexa de aplicación, describindo as medidas correctoras adoptadas. Dito anexo deberá incluir:

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

a) Grupo de clasificación da actividade segundo a Taboa III.A.1 do Anexo III da Ordenanza, en base ao seu horario de funcionamento e o seu nivel sonoro máximo, o cal se calculará sumando o nivel de emisión de ruido de cada unha das fontes sonoras existentes na actividade, a partir dos datos reflictidos nas fichas técnicas da maquinaria e os equipos instalados, ou en ausencia destos según estimacións xustificadas polo técnico proxectista.

b) Xustificación do illamento acústico dos cerramentos da actividade, calculados segundo el documento básico «DB-HR Protección frente ao ruido» do Código técnico da edificación, debendo os resultados obtidos cumplir os valores mínimos indicados na Táboa III.B.1 do Anexo III.

c) Nivel de ruido transmitido pola actividade ao ambente exterior e interior dos locais colindantes, segundo o seu uso, que serán determinados en base ao nivel sonoro e o illamento acústico dos distintos cerramentos calculados, debendo os resultados obtidos cumprir os valores límite de recepción indicados nas táboas do apartado B do Anexo II.

d) Nivel de vibracións transmitidas, que deberán respetar os obxetivos de calidade acústica para vibracións que lles sexan de aplicación de acordo coa táboa II.A.3 do Anexo I, avaliadas conforme ao procedemento establecido no dito anexo.

2. Unha vez finalizadas as obras e instalacións, de acordo coa licenza municipal concedida ou a comunicación previa presentada, e con carácter previo ao inicio da actividade, xunto coa presentación da comunicación previa de actividade, deberase achegar:

- Informe de medicións de ruidos e vibracións, xustificando o cumprimento dos artigos 14 e 13, e as táboas do Anexo II desta Ordenanza, sobre valores límite de ruido transmitidos pola actividade ao ambente exterior e de ruido e vibracións transmitidos ao interior dos locais colindantes.

  As medicións realizaranse conforme aos procedementos regulados no Anexo I desta Ordenanza, considerando o funcionamento simultáneo ao máximo nivel de ruido de todos os emisores acústicos instalados na actividade, nos lugares nos que os seus valores sexan máis altos.

  Por outra parte, realizarase unha medición do ruido global no interior do local nestas condicións, nos lugares nos que os seus valores sexan máis altos, co fin de xustificar o Grupo de clasificación da actividade segundo a Táboa III.A.1 do Anexo III da Ordenanza, en base ao seu horario de funcionamento e o máximo nivel sonoro medido.

  O documento incluirá unha relación de todas as fontes sonoras do local, con medición dos niveis de emisión de cada unha delas, así como un croquis que reflicta a súa ubicación e os puntos de medición no interior da actividade, no exterior e nas vivendas ou locais colindantes.

- Informe de ensaio ou certificado de illamento acústico, composto dos parámetros establecidos no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e acreditativo do seu cumplimiento, debendo incluir:

  a) llamento entre a actividade e as vivendas colindantes co local (DnT 100–5000 Hz y DnT125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas colindantes derivadas do funcionamento no local emisor e o tiempo de reverberación.

  b) Illamento acústico da fachada (D2m,nT 100–5000 Hz).

  c) Nivel de ruido de impactos (L’nT 100–5000 Hz).

A certificación a realizarán empresas ou entidades de control debidamente autorizadas pola normativa estatal ou autonómica, ou coa capacitación técnica exixida polos artigos 10 ou 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, segundo corresponda.

As medicións realizaranse de acordo coas especificacións establecidas na normativa vixente sobre edificacións e nos anexos I e III da presente ordenanza.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3. Non será obrigatorio a achega do informe previsto nos apartados anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.

4. Cando o local aberto ao público ou industria no que se desenvolvan actividades produza uns niveis de ruido superiores aos permitidos, se considerará responsable das molestias á persoa titular e/ou responsable da actividade, sendo de aplicación o réxime sancionador previsto nesta ordenanza.

5. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa.

**Artigo 22. Acondicionamiento de actividades, establecementos e locais**

1. Co fin de evitar a transmisión sonora directa ao exterior, nas actividades non industriais englobadas nos grupos 2, 3, 5, e 6 do anexo III será obligatoria a instalación dunha doble porta, con cerre automático e dispositivo antipánico de apertura manual, constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio de diámetro mínimo de 1,50 m, para impedir que as dúas portas estean abertas ao mesmo tempo. As portas que conforman o vestíbulo deberán permanecer constantemente pechadas, excepto unha durante a entrada e saída de persoas. As ventanas do local tamén deben permanecer pechadas. Para a obtención do título habilitante correspondente se describirán as características dos emisores acústicos (potencia e gama de frecuencias), a localización e o número de altofalantes existentes, así como localización do limitador acústico e do micrófono receptor de son.

2. Aquelas actividades incluidas nos grupos 2, 3, 5 e 6 do anexo III que dispoñan de equipos de reproducción de son ou audiovisuais estarán obrigadas a instalar aparellos de control permanente de ruido (limitadores de son), diseñados para garantir o cumprimento dos límites máximos permitidos de emisión e recepción sonora en función da actividade e do seu illamento acústico. As características destes equipos se adecuarán ao indicado no anexo I.B.7. desta Ordenanza.

3. O nivel sonoro dos equipos instalados nas actividades incluidas nos grupos 0, 1 e 4 do anexo III non poderá superar os 75 dBA; en caso contrario, estas actividades estarán obrigadas a instalar aparellos de control permanente de ruido (limitadores de son), segundo o descrito no apartado anterior.

4. As actividades de ocio non industriais incluidas nos grupos 2, 3, 5 e 6 do anexo III da ordenanza, independentemente das demáis limitacións establecidas nesta disposición, están obrigadas a colocar un aviso visible que indique a normativa sobre contaminación acústica pola que se rixen (esta ordenanza), a denominación legal da actividade, o titular e/ou responsable da actividade, dirección, data de concesión da licenza ou da comunicación previa, o grupo de actividade no que se integren segundo o indicado e no anexo III, o horario da actividade, o aforo máximo do local, os niveis de ruido LAeq máximos e pico medidos no centro do local en condicións de funcionamento sen persoas dentro, así como calquera outra limitación, medida de protección necesaria ou característica relevante, e o seguinte lema: «A exposición prolongada aos niveis sonoros do interior produce lesións permanentes no oído». O letreiro deberá permanecer instalado desde o inicio da actividade, no formato que proporcione o Concello.

**Artigo 23. Distancias entre locais**

1. Con carácter xeral autorízase a instalación de varias actividades por edificio, sempre que as mesmas queden encadradas dentro dos Grupos 0, 1 e 4 do anexo III da presente Ordenanza. No caso dos locais do grupo 4, cando conten con instalacións de reproducción sonora para música ambiental e televisión deberán acreditar documentalmente a adopción de medidas correctoras no establecemento que eviten as molestias por ruidos procedentes das mesmas.

2. Os Locais con actividades pertencentes aos grupos 2 e 5 do anexo III gardarán unha distancia entre sí de 25 metros.

3. Os establecementos con actividades dos Grupos 3 e 6 do anexo III (discotecas, salas de festas e baile) manterán unha distancia entre sí de 100 metros. En ningún caso, poderán implantarse dúas actividades deste Grupo na mesma rúa.

4. A medición de distancias farase entre os dous puntos máis próximos a ambos establecementos.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. Quedan exentas do cumprimento das anteriores limitacións aquelas actividades que se desenvolvan no interior de edificacións de uso exclusivamente comercial.

6. A limitación por distancias non afectará ás actividades instaladas á promulgación da presente Ordenanza ao amparo dunha Licenza de apertura ou actividade ou comunicación previa vixente. Nos casos nos que fora necesaria a obtención dunha nova licenza ou comununicación previa, deberanse observar as prescripcións do presente artigo.

### Sección 2ª. Protección e corrección da calidade acústica

#### Artigo 24. Actuacións e información sobre protección da calidade acústica

1. O Concello, aos efectos do establecido no artigo 5.1 desta ordenanza, porá a disposición dos cidadáns toda a información relativa á contaminación acústica. Para eso se servirá dos medios de publicación oportunos, como o taboeiro edictal e a páxina web do Concello.

2. Terá carácter de información pública:

– A zonificación acústica do Concello, incluidas as zonas acústicas singulares (reservas de sons de orixe natural, zonas tranquilas en campo abierto, zonas de protección e/ou situación acústica especial).

– Os mapas de ruido e os plans de acción, incluidas as medidas correctoras derivadas da súa aplicación.

– Aqueles supostos nos que, por razóns excepcionais de interese público, o Concello teña concedido a suspensión dos obxetivos de calidade, ou licenzas de construción de edificacións nas que, cumprindo os obxetivos de calidade acústica en espazo interior, non se cumpran na área, incluida a previa motivación e as medidas correctivas correspondentes.

3. Igualmente, se indicará no taboeiro edictal e na páxina web do Concello:

– Os traballos municipais na vía pública (destacando especialmente aqueles que sexan realizados en horario nocturno), salvo en caso de emerxencia.

– A autorización municipal, así como a preceptiva xustificación técnica sobre as actividades e horarios de aquelas actividades de carga e descarga aceptadas fora dos supostos recomendados no artigo 15.

4. De conformidade co artigo 4.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, o Concello deberá presentar ante a Consellería competente en materia de medio ambente a información alí sinalada nos prazos que se estipulan.

#### Artigo 25. Medidas de protección: mapas de ruido, plans de acción e outras actuacions

1. Corresponde ao Concello a elaboración e aprobación dos mapas de ruido do termo municipal, tanto os estratéxicos como os das áreas acústicas nas que se comprobe o incumprimento dos obxetivos de calidade acústica, se procede, así como os plans de acción derivados. Ditos mapas e plans deberán ser sometidos ao trámite de información pública por un período mínimo dun mes antes da súa aprobación.

2.  O Concello os revisará e, no seu caso, modificará, polo menos cada cinco anos a partir da data da súa aprobación.

3. Os índices acústicos e os requisitos mínimos específicos para a elaboración dos mesmos son os establecidos pola normativa vixente.

2. O Concello poderá limitar o tráfico rodado en caso de que constate que os valores de ruido xerados pola densidade de tráfico ou por emisións acústicas dos vehículos superan os establecidos nesta normativa, tanto en determinadas zonas como por vehículos, sempre e cando existan alternativas viables.

### Sección 3ª. Potestade inspectora e sancionadora

#### Artigo 26. Inspección

1. O personal funcionario que realice labores de inspección en materia de contaminación acústica poderá acceder a calquera lugar, instalación ou dependencia, de titularidade pública ou privada, de conformidade co establecido no artigo

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4 desta ordenanza. No suposto de entradas domiciliarias se requerirá o previo consentimento da persoa titular ou autorización xudicial.

2. As persoas titulares dos emisores acústicos regulados por esta ordenanza están obrigadas a prestar a ditos funcionarios toda a colaboración que sexa necesaria para que podan realizar os exames, controis, medicións e labores de recollida de información que sexan pertinentes para o desempeño das súas funcións.

3. As inspeccións poderán levarse a cabo de oficio ou a instancia de parte, e faranse preferentemente no instante da denuncia, dentro das posibilidades do persoal encargado da avaliación, debendo garantirse o segredo da data da súa realización.

4. O persoal inspector deberá levantar acta da inspección realizada, na que reflictirá toda a información que considere relevante, e en particular: persoa denunciante, responsable do recinto receptor, responsable do foco emisor, testigos, data e hora da inspección, persoa que realice a inspección, feitos comprobados, actividades observadas e niveis sonoros rexistrados.

5. Os servizos técnicos municipais competentes deberán emitir informe cando, a resultas do exercicio das labores de inspección e control:

a) Sexa necesario o requerimiento ou comprobación de medidas correctoras.

b) Se derive a incoación dun procedemento para a reposición da legalidade ou sancionador.

c) Sempre que se requira un análisis técnico dos feitos constatados.

6. Todas as actividades suxeitas á inspección permanente mediante a instalación dun dispositivo sonógrafo-rexistrador deberán exercer a súa actividade co citado dispositivo en perfecto estado de funcionamento.

**Artigo 27. Infraccións e sancións**

1. Consideranse infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan ou vulneren as prescripcións establecidas na presente Ordenanza.

2. Só poderán ser sancionados por feitos constitutivos de infraccións administrativas relacionadas nesta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos mesmos a título de dolo ou culpa. Tamén poderán ser sancionadas as unións e entidades sen personalidade xurídica, cando a lei lles reconoza capacidade de obrar.

3. Cando teñan participado varias persoas conxuntamente na infracción e non sexa posible determinar o grao de intervención de cada unha na infracción, a responsabilidade será solidaria.

**Artigo 28. Clases de infraccións**

Atendendo á Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruido, as posibles infracciónes administrativas relacionadas coa contaminación acústica se clasifican en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

a) Superar ata en 3 dBA os límites sonoros máximos en horario nocturno e en 5 dBA en horario diurno e vespertino.

b) Transmitir vibracións cuxo valor do índice Law supere en máis de 3 dB.

c) Non comunicar ao Concello os datos requeridos nos prazos indicados.

d) A instalación ou comercialización de emisores acústicos sen a debida información sobre os índices acústicos, conforme ao exixible na normativa aplicable.

d) Utilizar alarmas ou sirenas sen que se dean circunstancias de urxencia ou perigo, ou sen estar autorizado para a súa utilización.

e) Explotar petardos ou elementos pirotécnicos fora dos lugares e ocasións autorizados.

f) A emisión polo vehículo a motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen ata en 5dBA os límites máximos permitidos.

g) O uso indebido do cláxon ou calquera outra sinal acústica do vehículo.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

h) A realización de prácticas indebidas de conducción descritas na presente ordenanza.

i) A emisión polos sistemas de reprodución de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis superiores aos permitidos ata en 5dBA.

l) O funcionamiento a gran volume dos sistemas de reprodución de son existentes no vehículo ocasionando perturbación da convivencia.

m) O funcionamento das alarmas instaladas nos vehículos ou dispositivos de alarmas de actividades incumprindo as especificacións técnicas en canto a tempo de emisión, ciclo e secuencia de repetición ou o funcionamento das mesmas sen desconectarse por un período superior a 5 minutos e inferior a 30 en horario diurno ou vespertino.

n) O uso non autorizado no ambente exterior de elementos de megafonía ou dos dispositivos sonoros sinalados en la presente Ordenanza.

ñ) Desenvolver actividades non autorizadas no medio exterior.

o) Chillar ou vociferar, perturbando o descanso e a tranquilidade dos veciños ou viandantes ou impedindo o normal desenvolvemento das actividades propias do local receptor.

p) A realización das conductas prohibidas establecidas no artigo 16 da presente Ordenanza.

q) Calquera outro incumprimento dunha obriga recollida nesta ordenanza, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

a) Superar entre 3 e 6 dBA os límites sonoros máximos establecidos para ruido en horario nocturno ou entre 5 e 10 dBA en horario diurno e vespertino.

b) Transmitir vibracións cuxo valor do índice Law supere en máis de 5 dB.

c) O incumprimento das condicións establecidas en cualquera figura de intervención administrativa regulada nesta Ordenanza, no exercicio das actividades.

d) O incumprimento dos requisitos de illamento acústico de edificacións e actividades frente ao ruido.

e) A ocultación, falseamento ou alteración de datos, informes ou certificacións relativos á contaminación acústica aportados aos expedientes administrativos para a obtención de autorizacións ou licenzas relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta ordenanza.

f) A non comparecencia, sen causa xustificada e debidamente acreditada, ás citacións dos servizos municipais para a realización de medicións acústicas ou o impedimento, retraso, obstrucción ou negativa á colaboración na actividade inspectora ou de control da Administración.

g) A non adopción de medidas correctoras requeridas polo Concello ante un caso de incumprimento dos obxetivos de calidade.

h) Realizar actividades na vía pública, superando os límites establecidos ou fora do horario establecido.

i) No ter permanentemente instalados e conectados os sistemas limitadores para autocontrol do volume de emisión dos equipos de reprodución ou amplificación de son ou manipulalos.

l) A produción de contaminación acústica por encima dos valores límite establecidos nas zonas de protección acústica especial ou nas zonas de situación acústica especial.

m) A emisión porlo vehículo a motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen en máis de 5 dBA e ata os 7 dBA os límites máximos permitidos.

n) Circular sen elementos silenciadores ou con estes inoperantes ou equipados con tubos resonadores.

o) Emisión polos sistemas de reprodución de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis sonoros superiores aos permitidos en máis de 5 dBA e ata os 7 dBA.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

p) No caso de dispositivos acústicos especiais dos vehículos de urxencia: a emisión de niveis sonoros superiores aos permitidos ou empregar sistemas frecuenciales ou sinais acústicas fora dos supostos permitidos.

q) A reiteración na comisión dunha mesma infracción leve ou a comisión de dous infracciones leves distintas no período dun ano.

3. Son Infraccións moi graves:

a) A producción e transmisión de contaminación acústica por encima dos valores límite establecidos nas zonas de protección acústica especial ou nas zonas de situación acústica especial

b) Superar en máis de 6 dBA os límites sonoros máximos establecidos para ruido en horario nocturno ou en más de 10 dBA en horario diurno y vespertino.

c) Transmitir vibracións cuxo valor do índice Law supere en máis de 6 dB.

c) A superación dos valores límite aplicables, cando se producira un dano ou deterioro para o medio ambente, ou se pusera en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

d) O incumprimento das obrigas derivadas da adopción de medidas provisionais fronte a infraccións que xeneren un procedemento sancionador, como son o precintado de equipos, aparellos ou vehículos, clausura de instalacións, suspensión de licenzas ou outras figuras administrativas ou a falta de adopción de medidas de corrección.

e) A emisión polo vehículo a motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen en máis de 7 dBA os límites máximos permitidos.

f) Emisión polos sistemas de reproducción de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis sonoros superiores aos permitidos en máis de 7 dBA.

g) A reiteración na comisión dunha mesma infracción grave no período dun ano ou a comisión de tres infraccións leves ou de dous graves distintas nese período.

**Artigo 28. Prescripción das infraccións**

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as infraccións graves aos dous anos e as infraccións leves aos seis meses.

2. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día no que a infracción se tivera cometido. Cuando se trate de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que finalice a conducta infractora. A prescripción se interrumpirá pola iniciación, co coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis de 1 mes por causa non imputable ao interesado.

**Artigo 29. Sancións**

1. As sancións derivadas da comisión das infraccións tipificadas na presente ordenanza serán:

a) No caso de infraccións leves: multas de ata 600 euros.

b) No caso de infraccións graves: multas desde 601 ata 12.000 euros; suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tiempo comprendido entre un mes e un día e un año; clausura temporal total ou parcial das instalacións por un período non superior a dous anos.

c) No caso de infraccións moi graves: multas desde 12.001 ata 300.000 euros; suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tempo comprendido entre un ano e un día e cinco años, ou a súa revocación; clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións; clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período non inferior a dous anos nin superior a cinco; o precintado temporal ou definitivo de equipos e máquinas; a prohibición temporal ou definitiva do exercicio de actividades; a publicación, a través dos medios que se consideren oportunos, das sanciones impostas, unha vez que éstas adquiran firmeza en vía administrativa ou, no seu caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos, denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, e a índole e natureza das infraccións.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Na determinación das sancións terase en conta que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento da norma infrinxida.

3. As sancións de multa previstas nesta ordenanza poderán facerse efectivas con anterioridade a que se dicte resolución do expediente sancionador cunha reducción do 50% sobre a contía correspondente.

4. Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de edade, responderán solidariamente con él, os seus pais, tutores, acolledores ou gardadores legais ou de feito, en razón ao incumprimento da obriga imposta a éstes que conleva un deber de prevenir a infracción administrativa que se impute ao menor. A responsabilidade solidaria quedará circunscrita á pecuniaria derivada da sanción imposta.

**Artigo 30. Prescripción das sancións**

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves aos seis meses.

2. O prazo de prescripción das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou tivera transcorrido o prazo para recurrirla.

**Artigo 31. Medidas provisionais**

Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano competente para resolvelo poderá adoptar, previa audiencia do interesado, as siguientes medidas provisionais:

– Precintado de equipos ou máquinas.

– Clausura temporal, parcial o total, das instalacións ou do establecemento.

– Suspensión temporal das autorizacións sectoriais, licenzas de actividade, comunicación previa o declaración responsable nas que se teñan establecido condicións relativas á contaminación acústica.

– Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na producción do risco ou do dano.

Todo elo sen perxuizo da obriga de cumprimento das ordes e instruccións impartidas por axentes da autoridade para o cese inmediato da conducta ruidosa en salvagarda do orde, saúde ou seguridade públicas.

**Artigo 32. Procedemento sancionador**

1. O Concello, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubre, de réxime xurídico do sector público, exercerá a potestade sancionadora no ámbito desta ordenanza, sendo a persoa titular da alcaldía, ou o concelleiro/a en quen teña delegado, o competente para incoar e resolver os expedientes sancionadores derivados da infracción do disposto en ela.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento sancionador será de seis meses.

3. As sancións imporanse atendendo ás circunstancias da persoa responsable, á importancia do dano ou deterioro causado, ou molestia ás persoas, aos bens ou ao medio ambente, á intencionalidade ou descuido e á reincidencia ou participación.

**Disposición adicional primeira. Reserva da competencia doutros organismos**

O réxime que establece a ordenanza entendese sen perxuizo das intervencións que correspondan a outros organismos da Administración na esfera das súas respectivas competencias.

**Disposición adicional segunda. Réxime fiscal**

De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as entidades locais poderán establecer tasas pola prestación de servizos de inspección que realicen para verificar o cumprimento do disposto nesta ordenanza.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Disposición adicional terceira. Actividades e infraestructuras novas**

1. Consideranse actividades novas aquelas que iniciaron a tramitación das actuacións de intervención administrativa contempladas no artigo 18 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, del ruido, con data posterior ao 23 de outubro de 2007.

2. Terán consideración de infraestructuras locais novas aquelas outras que teñan data de tramitación da declaración de impacto ambiental ou de aprobación do proxecto de execución posterior á entrada en vigor do Decreto 106/2015, do 9 de xullo. Igualmente, terán consideración de novas infraestructuras aquelas que ante un novo trazado requiran a declaración de impacto ambiental ou impliquen a duplicación da súa capacidade ou intensidade media diaria de vehículos.

**Disposición adicional cuarta. Calidade acústica en infraestructuras de competencia local**

As infraestructuras locais existentes terán como obxetivo de calidade acústica conseguir os valores indicados no artigo 12.1 da ordenanza, e as infraestructuras novas deberán cumprir cos valores límite de recepción segundo o artigo 14 da ordenanza, todo elo conforme aos prazos e condicionantes indicados no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

**Disposición transitoria única. Actividades e instalacións con licencia de actividade**

As actividades e instalacións con título habilitante posterior á entrada en vigor do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e aquelas outras con título habilitante anterior a dito decreto que tras a entrada en vigor da ordenanza a incumpran, conforme ao establecido no artigo 25 desta ordenanza, ou realicen modificacións, reformas, ampliacións ou traslados, deberán adaptarse a esta normativa, co fin de garantizar os niveis acústicos autorizados, para o cal deberán encadrarse e definirse necesariamente en algún dos grupos que clasifica esta ordenanza no seu anexo III co seu correspondente illamento acústico, con independencia de aquelo para o que as faculte o seu epígrafe fiscal.

**Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa**

Queda derrogada a Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadoras e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza (BOP nº 33 de 10/02/2000) e modificación posterior (BOP nº 160 de 14/07/2005), así como cantas disposicións do mesmo ou inferior rango regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

**Disposición final primera. Competencia municipal**

A ordenanza sobre protección contra a contaminación acústica aprobase en virtud da competencia municipal en materia de protección do medio ambente, de conformidade co disposto no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en virtude do disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembre, do ruido, e o seu desenvolvemento regulamentario composto polo Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, a súa modificación polo Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

**Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, unha vez aprobada polo pleno da corporación.

ANEXO I

**Índices acústicos e métodos de avaliación**

**A. ÍNDICES ACÚSTICOS.**

O ruído e as vibracións son sensacións molestas relacionadas con interferencias ou alteracións no son, que se miden cuns índices cuantificados en unidades de decibelios (dB), cunha ponderación dada do son e nun rango determinado de

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

frecuencias audibles.

Nesta ordenanza a referida ponderación será sempre segundo o filtro de frecuencias tipo base A, salvo nos casos en que se indique o contrario.

1. **Os índices acústicos que aplican na ordenanza son:**

**a) Para ruído:**

$L_{Aeq,T}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T.

O índice de ruído continuo equivalente $L_{Aeq,T}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, en decibelios, determinado sobre un intervalo temporal de T segundos.

$L_{Amax}$ para avaliar niveis sonoros máximos durante o período temporal.

O índice de ruído máximo $L_{Amax}$, é o máis alto nivel de presión sonora, en decibelios, (con constante de integración de 0,125 s), $L_{AFmax}$, rexistrado no período temporal de avaliación.

$L_{Keq,T}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo.

O índice de ruído continuo equivalente corrixido $L_{Keq,T}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, $L_{Aeq,T}$, corrixido pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, compoñentes de baixa frecuencia e ruído de carácter impulsivo, de conformidade coa seguinte expresión:

$$L_{Keq,T} = L_{Aeq,T} + K_t + K_f + K_i \qquad (1)$$

Onde: $K_t$, $K_f$, $K_i$ son os parámetros de corrección para avaliar a molestia ou os efectos nocivos pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, compoñentes de baixa frecuencia e presenza de ruído de carácter impulsivo respectivamente, calculados por aplicación da metodoloxía descrita no anexo I.B.4.

$L_{K,x}$ para avaliar a molestia e os niveis sonoros, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo, nun período temporal «x».

O índice de ruído continuo equivalente corrixido mediado a longo prazo $L_{K,x}$, é o nivel sonoro determinado ao longo de todos os períodos temporais de avaliación «x» dun ano, dado pola expresión que segue:

$$L_{K,x} = 10 \cdot log\left(\frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} 10^{\frac{(L_{Keq,x})_i}{10}}\right) (2)$$

Onde: n é o número de mostras do período temporal de avaliación «x» e $(L_{Keq,x})_i$ é o nivel sonoro corrixido, determinado no período temporal de avaliación «x» da i-ésima mostra.

**b) Para vibracións:**

$L_{aw}$, para avaliar a molestia e os niveis de vibración máximos, durante o período temporal considerado, no espazo interior de edificios, determínase aplicando a fórmula seguinte:

$$L_{aw} = 20 \cdot log\frac{a_w}{a_0} \qquad (3)$$

Onde: aw é o máximo do valor eficaz (RMS) do sinal de aceleración, con ponderación en frecuencia wm, no tempo t, en m/s2 e a0 a aceleración de referencia (a0 = 10-6 m/s2).

2. **Períodos temporais de avaliación.**

a) Establécense tres períodos temporais de avaliación diarios: período día, das 7.00 ás 19.00 horas; período tarde,

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

das 19.00 a 23.00 horas; período noite, das 23.00 ás 7.00 horas; cuns índices para avaliar os niveis sonoros neses períodos: $L_{Aeq,d}$, $L_{Aeq,e}$, $L_{Aeq,n}$ (tamén denominados $L_d$, $L_e$, $L_n$) respectivamente. Do mesmo xeito dáse para os índices equivalentes corrixidos $L_{Keq,T}$: $L_{Kd}$, $L_{Ke}$, $L_{Kn}$.

Existe un índice $L_{den}$ para avaliar a molestia global durante todos os períodos (día, tarde e noite):

$$L_{den} = 10 \cdot log\left(\frac{1}{24}\cdot\left(12\cdot 10^{\frac{L_d}{10}} + 4\cdot 10^{\frac{L_e+5}{10}} + 8\cdot 10^{\frac{L_n+10}{10}}\right)\right) \qquad (4)$$

**b)** Para efectos de calcular as medias a longo prazo, un ano corresponde ao ano natural no referente a emisión de son, e a un ano e medio polo que se refire ás circunstancias meteorolóxicas.

## B. MÉTODOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DOS NIVEIS ACÚSTICOS.

Para a avaliación dos niveis acústicos segundo o mencionado nos artigos 10 e 11, poderanse seguir dous métodos: de cálculo ou de medición. En todo caso, tomarase sempre o valor máis desfavorable.

Para efectos de inspección de actividades ou comportamentos, a valoración dos índices acústicos determinarase unicamente mediante medicións.
O cumprimento das especificacións da ordenanza, especialmente en vivendas, nos casos de mostraxe non é eximente par ao resto.

### 1. Avaliación do ruído no ambiente exterior.

Na avaliación dos niveis sonoros no ambiente exterior mediante índices de ruído, o son que se ten en conta é o son incidente (evitando ou corrixindo o son reflectido, se houber). A altura do punto de avaliación non será inferior a 1,5 m sobre o nivel do solo.

### 2. Avaliación do ruído no ambiente interior.

No interior de edificios o punto de avaliación situarase a unha altura de 1,5 m sobre o nivel do chan, a polo menos 1 m das paredes ou outras superficies ou obxectos, e aproximadamente a 1,5 m das fiestras en, como mínimo, tres posicións. Cando estas posicións non sexan posibles, as medicións realizaranse no centro do recinto a unha altura de entre 1,2 m e 1,5 m. As medicións realizaranse con portas e fiestras pechadas.

### 3. Métodos de cálculo.

Os métodos de cálculo recomendados para a avaliación dos índices de ruído son os indicados na Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, así como no Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, ou aqueles que os substitúan.
Tamén se terá en conta a Recomendación da Comisión, do 6 de agosto de 2003, relativa ás orientacións sobre os métodos de cálculo provisionais revisados para o ruído industrial, o procedente de aeronaves, o do tráfico rodado e ferroviario, e os datos de emisións correspondentes (2003/613/CE).
Para a determinación dos niveis sonoros estes cálculos serán convenientemente corrixidos por outros factores que podan influír nos niveis acústicos.

### 4. Métodos e procedementos de medición para ruído.

Para as medicións terase en conta o indicado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo.
Os instrumentos de medida para son e vibracións e calibradores acústicos utilizados para a avaliación do ruído e vibracións cumprirán as disposicións de control metrolóxico establecidas na Orde ITC/2845/2007, do 25 de setembro, e serán tipo/clase 1, con filtros de banda de 1/3 de oitava para análise espectral. E contarán coa verificación periódica anual emitida por un laboratorio acreditado para tales efectos.
Os procedementos de medición in situ utilizados para a avaliación dos índices de ruído adecuaranse ao exposto neste punto:
As medicións pódense realizar en continuo durante o período temporal de avaliación completo ou aplicando métodos de mostraxe do nivel de presión sonora en intervalos temporais de medida Ti, un número de medidas n, seleccionados dentro do período temporal de avaliación (día, tarde e noite), e un número de puntos característicos

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

da zona atendendo ás dimensións da área acústica e á variación espacial dos niveis sonoros, de forma que o resultado da medida sexa representativo da valoración do índice que se está avaliando.
Os valores medidos daranse cunha cifra decimal e o valor do nivel sonoro final, tras a realización dos procedementos que se describen a continuación, arredondarase á parte enteira como valor resultante para efectos de cumprimento desta ordenanza.

**4.1 Avaliación dos obxectivos de calidade acústica:**

a) De forma preliminar valorarase a fonte sonora que teña maior contribución ambiental na área acústica, realizando unha avaliación dos episodios máis significativos, mediante medicións en continuo durante polo menos 24 horas.
b) O micrófono situarase a unha altura non inferior a 1,5 m sobre o nivel do solo, pero os resultados deberán corrixirse en todo caso, de conformidade cunha altura de 4 metros sobre o nivel do solo, e separado polo menos 1,2 metros de calquera fachada ou obstáculo que poida introducir distorsións por reflexións na medida. Nestes casos xustificaranse tecnicamente os criterios de corrección aplicados.

**4.2 Avaliación dos niveis sonoros producidos polos emisores acústicos:**

a) Infraestruturas:

Deberanse realizar polo menos 3 series de medicións do $L_{Aeq,Ti}$, con tres medicións en cada serie, dunha duración mínima de 5 minutos ($T_i$ = 300 segundos), con intervalos temporais mínimos de 5 minutos, entre cada unha das series.
A avaliación do nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices $L_{Aeq,Ti}$ de cada unha das medidas realizadas, aplicando a seguinte expresión:

$$L_{Aeq,T} = 10 \cdot log\left(\frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} 10^{\frac{L_{Aeq,Ti}}{10}}\right)(5)$$

Onde: T é o tempo correspondente ao período temporal de avaliación considerado; $T_i$ o intervalo de tempo da medida i, tal que a suma dos $T_i$ corresponde con T; n é o número de medicións do conxunto das series de medicións realizadas no período de tempo de referencia T.
b) Actividades, comportamentos e resto de focos emisores:

A medición, tanto para o ruído emitido ao exterior como transmitido cara ao interior polos emisores acústicos, levarase a cabo no lugar en que o seu valor sexa máis alto.
Cando, polas características do emisor acústico, se comproben variacións significativas dos seus niveis de emisión sonora durante o período temporal de avaliación, dividirase este, en intervalos de tempo, Ti, ou fases de ruído (i), nos cales o nivel de presión sonora no punto de avaliación se perciba de xeito uniforme.
En cada fase de ruído realizaranse, polo menos, tres medicións do $L_{Keq,Ti}$, dunha duración mínima de 5 segundos, e recomendada de 30 segundos, con intervalos de tempo mínimos de 3 minutos entre cada unha das medidas.
As medidas consideraranse válidas cando a diferenza entre os valores extremos obtidos sexa menor ou igual a 6 dB. Se a diferenza é maior deberase obter unha nova serie de tres medicións que, de reproducirse constantemente, tomarase ese valor como resultado, se se determina a súa orixe.
Tomarase como resultado da medición o valor máis alto dos obtidos.
Cando se determinen fases de ruído, o nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices $L_{Keq,Ti}$ de cada fase de ruído medida, aplicando a seguinte expresión:

$$L_{Keq,T} = 10 \cdot log\left(\frac{1}{T}\sum_{i=1}^{n} T_i \cdot 10^{\frac{L_{Keq,Ti}}{10}}\right)(6)$$

Onde: T é o tempo correspondente ao período temporal de avaliación considerado; $T_i$ o intervalo de tempo asociado á fase de ruído i, tal que a suma dos $T_i$ corresponde con T; n é o número de fases de ruído en que se descompón o período temporal de referencia T.

**4.3 Corrección dos niveis sonoros producidos por emisores acústicos:**

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os niveis de ruído obtidos na medición fronte á fachada ou elemento reflector deberán corrixirse para excluír o efecto reverberante.
Na determinación do $L_{Keq,Ti}$ terase en conta a corrección por compoñentes tonais ($K_t$), impulsivas ($K_i$) e baixas frecuencias ($K_f$), e a corrección por ruído de fondo.

Determinarase a influencia do ruído de fondo para todas as medidas, e a presenza ou a ausencia de compoñentes tonais emerxentes, de compoñentes de baixa frecuencia e/ou compoñentes impulsivas, para a corrección do nivel sonoro, conforme os seguintes procedementos:

a) Corrección por ruído de fondo:

Para a determinación do ruído de fondo procederase de forma análoga ao descrito no punto 4.2 do anexo I, co emisor acústico que se está avaliando parado. A corrección realizarase cando a diferenza entre o nivel de ruído e de fondo estea comprendida entre 3 dB e 10 dB, para o cal se toma:

$$L_{Aeq,TEmisor} = 10 \cdot log\left(10^{\frac{L_{Aeq,TiTotal}}{10}} - 10^{\frac{L_{Aeq,TiFondo}}{10}}\right) \qquad (7)$$

Se a diferenza entre o nivel de ruído e o nivel de fondo é igual ou inferior a 3 dB, darase por nula a medición, ao ser o nivel de fondo demasiado elevado e non permitir unha determinación correcta; e, en caso de darse repetidamente, non se imputará ao emisor a afección. Se a diferenza entre o nivel de ruído e o nivel de fondo é superior a 10 dB, o nivel de ruído non precisa esta corrección.

b) Correccións por compoñentes tonais ($K_t$):

Realizarase a análise espectral do ruído en 1/3 de oitava sen filtro de ponderación (lineal) e calcularase a diferenza: $L_t = L_f - L_s$; onde: $L_f$, é o nivel de presión sonora da banda f, que contén o ton emerxente e $L_s$ é a media aritmética dos dous niveis das bandas situadas inmediatamente por enriba e por baixo de f, debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección Kt aplicando a táboa seguinte:

| Banda de frecuencia | $L_t$ (dB) | $K_t$ (dB) |
|---|---|---|
| De 20 a 125 Hz | $L_t < 8$ | 0 |
| | $8 \le L_t \le 12$ | 3 |
| | $L_t > 12$ | 6 |
| De 160 a 400 Hz | $L_t < 5$ | 0 |
| | $5 \le L_t \le 8$ | 3 |
| | $L_t > 8$ | 6 |
| De 500 a 10.000 Hz | $L_t < 3$ | 0 |
| | $3 \le L_t \le 5$ | 3 |
| | $L_t > 5$ | 6 |

Táboa I.B.1

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

No suposto da presenza de máis dunha compoñente tonal emerxente adoptarase como valor do parámetro $K_t$, o maior dos correspondentes a cada unha delas.

c) Correccións por compoñentes de baixa frecuencia ($K_f$):

Mediranse, de forma simultánea, os niveis globais de presión sonora coas ponderacións frecuenciais A e C, e calcularase a diferenza entre os valores obtidos: $L_f = L_{Ceq,Ti} - L_{Aeq,Ti}$, debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección $K_f$ conforme o indicado no anexo IV do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ou norma que o substitúa ou modifique.

d) Correccións por compoñentes impulsivos ($K_i$):

Mediranse, de forma simultánea, os niveis de presión sonora continuo equivalente, nunha determinada fase de ruído de duración $T_i$ segundos, na cal se perciba o ruído impulsivo, $L_{Aeq,Ti}$, e coa constante temporal impulso (I) do equipamento de medida, $L_{AIeq,Ti}$, e calcularase a diferenza entre os valores obtidos $L_i = L_{AIeq,Ti} - L_{Aeq,Ti}$, debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección $K_i$ conforme o indicado no anexo IV do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ou norma que o substitúa ou modifique.

O valor máximo da corrección resultante da suma $K_t + K_f + K_i$ non será superior a 9 dB.

Segundo o indicado o valor final do emisor será: $L_{Keq,Ti} = L_{Aeq,Ti} + K_t + K_f + K_i$ (8)

### 4.4 Condicións de medición:

Na realización das medicións para a avaliación dos niveis sonoros, deberanse gardar as seguintes precaucións:

**a)** As condición de huimidade e temperatura deberán se compatibles coas espedificacións do fabricante do equipamento de medida.

b) Na avaliación do ruído transmitido polo emisor acústico non son válidas as medicións realizadas no exterior con choiva, e para as medicións no interior terase en conta a influencia desta á hora de determinar a súa validez en función da diferenza entre os niveis do emisor a medir e o ruído de fondo, incluído neste o xerado pola choiva.

**c)** É preceptivo que antes e logo de cada medición realícese unha verificación acústica da cadea de medición mediante calibrador sonoro, que garanta unha marxe de desviación non superior a 0,3 dB respecto do valor de referencia inicial.

**d)** As medicións no ambiente exterior realizaranse usando equipamentos de medida con pantalla antivento. Así mesmo, cando no punto de avaliación a velocidade do vento sexa superior a 5 metros por segundo desistirase da medición.

## 5. Métodos e procedementos de medición de vibracións.

A avaliación do índice de vibración $L_{aw}$, realizarase con instrumentos que dispoñan de ponderación frecuencial $w_m$, e detector de media exponencial de constante de tempo de 1s. Obterase o valor eficaz máximo $a_w$.

Os procedementos de medición *in situ* utilizados para a avaliación do índice de vibración que establece esta ordenanza adecuaranse ás prescricións seguintes:

**a)** Identificaranse os posibles focos de vibracións, as direccións dominantes e as súas características temporais. As medicións realizaranse sobre o chan, no lugar e momento de maior molestia; medirase en tres direccións

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ortogonais simultaneamente, obtendo o valor eficaz $a_{w,i}(t)$ en cada unha delas e o índice de avaliación como suma de cadrados, no tempo t, aplicando a expresión:

$$a_w(t) = \sqrt{a_{w,x}^2(t) + a_{w,y}^2(t) + a_{w,z}^2(t)} \qquad (9)$$

Na medición de vibracións, de tipo estacionario ou transitorio, xeradas por actividades ou comportamentos, para as de tipo estacionario deberase realizar a medición, polo menos durante un minuto, no período de tempo en que se estableza o réxime de funcionamento máis desfavorable; e se este non é identificable, medirase polo menos un minuto para os distintos réximes; procederase do mesmo xeito para cada evento de funcionamento para as vibracións de tipo transitorio.

Na medición de vibracións xeradas polas infraestruturas, para as de tipo estacionario deberase realizar a medición, polo menos durante cinco minutos, no período de tempo de maior intensidade de circulación; e, no caso de descoñecerse datos do tráfico da vía, realizaranse medicións do valor eficaz $a_w$ durante un día completo; procederase do mesmo xeito para cada evento de funcionamento para as vibracións de tipo transitorio. Para estes fectos, as vibracións causadas polo tráfico rodado consideraranse estacionarias e a medición destacará o tráfico de vehículos pesados.

**b)** De tratarse de episodios reiterativos, realizarase a medición polo menos tres veces e darase como resultado o valor máis alto dos obtidos; se se repite a medición con seis ou máis eventos, permítese caracterizar a vibración polo valor medio máis unha desviación típica.

**c)** Na medición da vibración producida por un emisor acústico, para efectos de comprobar o cumprimento do estipulado nesta ordenanza, procederase á corrección da medida pola vibración de fondo (vibración co emisor parado), cos mesmos criterios de corrección que os establecidos para ruído no punto 4.3.a) do anexo I.B.

**d)** É preceptivo que antes e despois de cada medición se faga unha verificación da cadea de medición cun calibrador de vibracións que garanta o seu bo funcionamento. A efectos de inspección de actividades, para a verificación *in situ* dos instrumentos de medida son válidos os calibradores de vibracións cuxo punto de calibración se sitúe a 159,2 Hz ou inferior.

### 6. Métodos e procedementos de medición das condicións acústicas dos locais.

Este punto, para todos os efectos, será de referencia tanto para exixencias como para métodos de medición recomendados na normativa de edificacións, conforme ao establecido na lexislación sectorial vixente, indicada no artigo 17.
As medicións, tanto para illamento como para reverberación, serán primordialmente en bandas de terzo de oitava e no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5.000 Hz, salvo que na normativa sectorial indicada se exixan outras especificacións.

En todas as mostraxes se avaliará o ruído de fondo.

Indícanse as seguintes particularidades para o cumprimento da ordenanza:

- Na medición do illamento acústico a ruído aéreo, no caso de inspección de actividades, as medicións realizaranse respecto aos recintos máis afectados pola actividade. Para a determinación do parámetro de illamento a baixas frecuencias, $D_{nT\,125Hz}$, empregarase a seguinte fórmula:

$$D_{nT125Hz} = -10 \cdot \log \left[\frac{1}{3} \cdot \left(10^{\frac{-D_{nT100Hz}}{10}} + 10^{\frac{-D_{nT125Hz}}{10}} + 10^{\frac{-D_{nT160Hz}}{10}}\right)\right] \qquad (10)$$

- Na medición do illamento acústico a ruído aéreo de fachadas, nos casos en que a actividade se desenvolva dentro dunha parcela e se determine a afección da actividade ao exterior, para a valoración do illamento da fachada, os resultados obtidos poden corrixirse pola distancia das fachadas aos lindeiros da seguinte forma:

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

$$D_{2m\ corrixido} = D_{2m} + 10 \log d \qquad (11)$$

Onde d é a distancia mínima da fachada considerada aos lindeiros da parcela diminuída en 2 metros.

- Na medición do illamento acústico a ruído de impactos, os niveis de ruído de impacto das actividades de pública concorrencia recollidos nesta ordenanza, determinaranse conforme os niveis acadados nos recintos receptores máis afectados.

- Na medición do tempo de reverberación de recintos, os valores do tempo de reverberación establecidos como límite entenderanse omo a media dos valores en cada banda ou, cando menos, a media de 500, 1.000 e 2.000 Hz. Especificaranse arredondados á primeira cifra decimal.

**7. Características dos limitadores/rexistradores acústicos.**

Esixiráselle ás actividades un certificado de limitación dos equipamentos, expedido por unha entidade de avaliación acústica cun informe onde constará o equipamento e o limitador/rexistrador. Será obrigatorio notificar ao Concello os cambios que se produzan, e axustar o limitador.
Entre as características destes equipamentos estarán as seguintes:

- As limitacións serán, como mínimo, en frecuencias de bandas de oitava, para toda a cadea de son.
- Serán rexistradores e precintables, de xeito que non exista posibilidade de manipulación ou de que non memorice unha posible manipulación.
- Almacenamento da información dos rexistradores darase durante doce meses para posteriores inspeccións.
- Disporán dun sistema que permita trasladar a información a outros equipamentos electrónicos para a súa análise.

Para realizar a calibración do limitador colocarase o micrófono a 2 m dos altofalantes, na dirección de máximo nivel de presión sonora, realizando o precintado do limitador ao nivel de presión sonora correspondente, en función do tipo de actividade e da curva de illamento acústico medido *in situ*. O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible a unha distancia máxima de 2 m dalgún dos altofalantes existentes, na zona que caracterice en maior medida o nivel sonoro existente en todo o local, fóra do alcance natural ou protexido contra posibles accións indebidas (como poden ser, entre outras, golpes ou subtracción).

ANEXO II

**Obxectivos de calidade e valores límite de recepción**

**A. Obxectivos de calidade.**

Obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas existentes.

| Tipo de área acústica | | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | $L_d$ | $L_e$ | $L_n$ |
| a | Residencial | 65 | 65 | 55 |
| b | Industrial | 75 | 75 | 65 |
| c | Recreativa e de espectáculos | 73 | 73 | 63 |
| d | De uso terciario distinto do mencionado en c) | 70 | 70 | 65 |
| e | Sanitario, docente e cultural | 60 | 60 | 50 |

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| f | Con sistemas xerais de infraestruturas de transporte ou outros equipamentos públicos que os reclamen [1] | (2) | (2) | (2) |
| g | Espazos naturais | (3) | (3) | (3) |

Táboa II.A.1

[1] Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas adecuadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo coa letra a) do artigo 18.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.
[2] No límite destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

[3] Os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables aos espazos naturais estableceranse para cada caso particular, atendendo a quelas necesidades específicas deles.

Nota: os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referidos a unha altura de 4 m.

As áreas urbanizadas posteriores á entrada en vigor do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, teñen como obxectivo de calidade os valores que se mostran na táboa II.A.1 do sector do territorio correspondente, diminuído en 5 dB.

As zonas tranquilas en campo aberto terán como obxectivo de calidade acústica os niveis sonoros da área en cuestión en que se atopen diminuído en 5 dB, e permanecerán suxeitos a plans zonais específicos encamiñados a impedir o incremento dos niveis sonoros ambientais existentes nelas.

As zonas de protección acústica especial e as zonas de situación acústica especial terán por obxectivos de calidade o cumprimento dos valores das áreas correspondentes, no menor prazo de tempo posible e coas medidas correctoras que se consideren segundo o previsto pola Lei 37/2003, do 17 de novembro.

Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas os valores de recepción de ruído poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas.

Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a espazo interior [4].

| Uso do edificio | Tipo de recinto | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | $L_d$ | $L_e$ | $L_n$ |
| Vivenda ou residencial | Estancias | 45 | 45 | 35 |
| | Dormitorios | 40 | 40 | 30 |
| Hospitalario | Estancias | 45 | 45 | 35 |
| | Dormitorios | 40 | 40 | 30 |
| Educativo ou cultural | Aulas | 40 | 40 | 40 |
| | Salas de lectura | 35 | 35 | 35 |

Táboa II.A.2

[4] Os valores mostrados refírense ao conxunto de emisores acústicos que inciden no interior do recinto, tanto por transmisión de ruído ambiental exterior como por instalacións, actividades ou comportamentos, no propio edificio ou en lindeiros.

Nota: os obxectivos de calidade aplicables en espazo interior están referidos a unha altura de entre 1,2 e 1,5m.

Obxectivos de calidade acústica para vibracións aplicables a espazo interior [5].

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Uso do edificio | Índice de vibración $L_{aw}$ |
|---|---|
| Vivenda ou uso residencial | 75 |
| Hospitalario | 72 |
| Educativo ou cultural | 72 |
| Hospedaxe | 78 |
| Oficinas | 78 |
| Actividades | 84 |

Táboa II.A.3

(5) Os valores mostrados refírense ao conxunto de emisores acústicos que inciden no interior do recinto, tanto por transmisión de ruído ambiental como por instalacións, actividades ou comportamentos, no propio edificio ou en lindeiros.

**B. Valores límite.**

Valores límite de recepción de ruído aplicables a novas infraestruturas.

| Tipo de área acústica | | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | $L_d$ | $L_e$ | $L_n$ |
| a | Residencial | 60 | 60 | 50 |
| b | Industrial | 70 | 70 | 60 |
| c | Recreativa e de espectáculos | 68 | 68 | 58 |
| d | De uso terciario distinto do mencionado en c) | 65 | 65 | 55 |
| e | Sanitario, docente e cultural | 55 | 55 | 45 |

Táboa II.B.1

Valores límite de recepción máximos de ruído aplicables a infraestruturas.

| Tipo de área acústica | | Índice de ruído $L_{Amax}$ |
|---|---|---|
| a | Residencial | 85 |
| b | Industrial | 90 |
| c | Recreativa e de espectáculos | 90 |
| d | De uso terciario distinto do mencionado en c) | 88 |
| e | Sanitario, docente e cultural | 80 |

Táboa II.B.2

Valores límite de recepción de ruído en exterior, aplicables a actividades, instalacións ou comportamentos.

| Tipo de área acústica | | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | $L_{K,d}$ | $L_{K,e}$ | $L_{K,n}$ |
| a | Residencial | 55 | 55 | 45 |
| b | Industrial | 65 | 65 | 55 |
| c | Recreativa e de espectáculos | 63 | 63 | 53 |

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d | De uso terciario distinto do mencionado en c) | 60 | 60 | 50 |
| e | Sanitario, docente e cultural | 50 | 50 | 40 |

Táboa II.B.3

Valores límite de recepción de ruído en interior, transmitido por actividades, instalacións ou comportamentos, a locais lindeiros.

| Uso do local lindeiro | Tipo de recinto | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | $L_{K,d}$ | $L_{K,e}$ | $L_{K,n}$ |
| Residencial | Estancias | 40 | 40 | 30 |
| | Dormitorios | 35 | 35 | 25 |
| Administrativo e oficinas | Despachos profesionais | 35 | 35 | 35 |
| | Zonas de estancia | 40 | 40 | 40 |
| Sanitario | Zonas de estancia | 40 | 40 | 30 |
| | Dormitorios | 35 | 35 | 25 |
| Educativo ou cultural | Aulas | 35 | 35 | 35 |
| | Salas de lectura | 30 | 30 | 30 |
| Comercial | | 50 | 50 | 50 |
| Actividades | | 55 | 55 | 50 |

Táboa II.B.4

ANEXO III

**Clasificación de actividades que se desenvolven en edificacións e valores de illamento para o desenvolvemento de actividades**

**A. Clasificación de actividades que se desenvolven en edificación.**

Para a consideración dos valores de illamento que se indican na alínea B deste anexo, as actividades que se levan a cabo clasifícanse, en función do seu grao de molestia, nos seguintes grupos, atendendo ás súas características de funcionamento:

| Grupo | Características de funcionamento | |
|---|---|---|
| | Horario | Nivel sonoro, L (dB) |
| 0 | Calquer a | ≤ 75 |
| 1 | Das 7.01 ás 23.00 horas | Entre 76 e 80 |
| 2 | | Entre 81 e 90 |
| 3 | | > 90 |
| 4 | Das 23.01 ás 7.00 horas, parcial ou totalmente | Entre 76 e 80 |
| 5 | | Entre 81 e 90 |
| 6 | | > 90 |

Táboa III.A.1

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O nivel sonoro L indicado na táboa III.A.1 corresponderá co nivel $L_{Aeq}$, calculado segundo as directrices marcadas nesta ordenanza, no caso máis desfavorable, durante o desenvolvemento da súa actividade.

**B. Valores de illamento acústico para o desenvolvemento de actividades.**

O illamento acústico de edificación e actividades cumprirá co establecido na lexislación vixente, segundo se indica nos artigos 17, 19 e na disposición transitoria única da ordenanza, tanto no referente á obtención de licenzas de ocupación como á realización de actividades; conforme o exixido polo Decreto 106/2015, do 9 de xullo, nos seus artigos 10, 11 e na disposición transitoria segunda.

Actividades.
Os valores indicados na táboa III.B.1 son de aplicación ás actividades indicadas na disposición transitoria única, conforme os grupos da táboa III.A.1. O resto de actividades réxese polos valores aplicables no momento de apertura ou concesión de autorización.

| Grupo | Illamento a ruído aéreo respecto a vivendas lindeiras (dB) | | Illamento a ruído aéreo de fachada (dB) | Illamento a ruído de impactos (dB) |
|---|---|---|---|---|
| | $D_{nT\ 100–5.000\ Hz}$ | $D_{nT\ 125\ Hz}$ | $D_{2m,nT\ 100–5.000\ Hz}$ | $L'_{nT\ 100–5.000\ Hz}$ |
| 0 | ≥ 55 | ≥ 40 | ≥ 35 | ≤ 60 |
| 1 | ≥ 55 | ≥ 45 | ≥ 35 | ≤ 50 |
| 2 | ≥ 60 | ≥ 50 | ≥ 40 | ≤ 45 |
| 3 | ≥ 65 | ≥ 55 | ≥ 45 | ≤ 40 |
| 4 | ≥ 60 | ≥ 45 | ≥ 40 | ≤ 40 |
| 5 | ≥ 70 | ≥ 55 | ≥ 50 | ≤35 |
| 6 | ≥ 75 | ≥ 60 | ≥ 55 | ≤ 35 |

Táboa III.B.1

Para aquelas actividades que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como tipo sanitario, docente e cultural que requiran de especial protección contra a contaminación acústica segundo a lexislación vixente, aplicarase un incremento de 5 dB sobre os valores de «illamento a ruído aéreo respecto a vivendas lindeiras» e «illamento a ruído aéreo de fachada», así como unha diminución de 5 dB sobre os valores indicados para «illamento a ruído de impactos» na táboa III.B.1.

Os niveis de illamento indicados na táboa III.B.1 serán en ponderación A (ou como W+C) e con filtro de tercios de octava, coa excepción do valor $D_{nT\ 125Hz}$, que se indicará sen ponderación e segundo a fórmula (10) do anexo I, e coa excepción do valor $L'_{nT}$ que se indicará sen ponderación con factor de corrección.

Sen prexuízo do indicado na normativa específica de edificacións: Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección fronte ao ruído» do Código técnico da edificación e se modifica o Rela decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, ou na nomra que o modifique ou substitúa, os valores do tempo de reverberación establecidos como límite non serán en ningún caso superiores a 0,9 segundo para recintos e zonas comúns inferiores a 350 $m^3$.
As actividades englobadas nos grupos 3 a 6 (ambos os dous incluídos) en ningún caso terán as fiestras e portas abertas, salvo para o tránsito de persoas.
As vivendas con niveis sonoros interiores superiores a 70 dB serán consideradas como actividades para os efectos da ordenanza e en ningún caso poderán superar os 80 dB.
Todos os aparellos elevadores, instalacións de ventilación, pasos de tubarías, condutos de calefacción, auga, gas e similares estarán correctamente selados e illados acusticamente para evitar a transmisión de ruído aéreo e/ou

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

vibracións, conforme a normativa aplicable.
Os valores indicados neste anexo enténdense sen prexuízo do cumprimento dos valores límite de recepción da ordenanza, tanto en interior como exterior; polo que os valores mostrados se utilizarán por defecto, sendo os necesarios para illamento, en todo caso, aqueles que garantan o cumprimento dos mencionados valores límite.

ANEXO IV

**Estudos acústicos**

O contido mínimo de todo estudo acústico, conforme o indicado no artigo 4.2, especialmente nas figuras indicadas nos artigos 9, 15, 18 e 19, será o seguinte:

Para os concellos, na aplicación das súas competencias:

a) Prazo de actuación en que estará vixente o estudo.

b) Descrición das características da zona ou actividade avaliada: tipo de zona acústica, tipo de actividade e titular desta; en todo caso relacionando o grao do impacto acústico en función do horario.

c) Recintos afectados na zona ou lindeiros coa actividade en avaliación, identificando os puntos máis desfavorables e os valores límite de recepción.

d) Mapa de ruído da zona ou contorna da actividade antes e despois da realización de calquera cambio: plano 1/5000 (ou de maior precisión), identificando os principais focos emisores e indicando os valores previsibles dos índices acústicos, as persoas e vivendas afectadas, así como o plan de acción e medidas correctoras correspondentes.

Para as solicitudes de actividades e industrias:

a) Xustificación motivada da solicitude, indicando a aplicación de mellores técnicas dispoñibles e a súa eficacia no cumprimento dos valores establecidos nesta ordenanza.

b) Prazo de actuación para o cal se solicita vixencia do estudo.

c) Descrición das características da zona ou actividade avaliada: tipo de zona acústica, tipo de actividade e titular desta; en todo caso relacionando o grao do impacto acústico en función do horario. Plano con indicación as fontes de ruído e vibratorias (número, potencia acústica e outras características que se consideren relevantes).

d) Descrición das características técnicas e do illamento acústico antes e despois da realización de calquera cambio, e xustificación técnica de cumprimento dos valores mínimos establecidos, que garantan a non superación dos valores límite de recepción.

e) Recintos afectados na zona ou lindeiros coa actividade en avaliación, identificando os puntos máis desfavorables e os valores límite de recepción.

f) En casos recorrentes ou que supoñan algún tipo de afección nos obxectivos de calidade acústica, o Concello poderá solicitar aos titulares un mapa de ruído da zona ou contorna da actividade antes e despois da realización de calquera cambio: plano 1/5000 (ou de maior precisión), identificando os principais focos emisores e indicando os valores previsibles dos índices acústicos, as persoas e vivendas afectadas, así como o plan de acción e medidas correctoras correspondentes."

**Séptimo:** Proceder á publicación íntegra da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, que entrará en vigor unha vez transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 a contar dende a recepción da comunicación do acordo aprobatorio pola Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co artigo 70.2 do mesmo texto legal.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Área de Urbanismo e Obras de data 14 de setembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Un (1), da Sra. García Hidalgo.

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 14 de setembro de 2022 (CVD: zIyy6jpt5An65WWhfm27), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2.4. DESIGNACIÓN, SE PROCEDE, DA BIBLIOTECA CENTRAL MUNICIPAL DE CAMBRE CO NOME DE "MARÍA PITA"

***Acceso á videoacta* – 00:42:42 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2022 (CVD: H+8Yy2ljILdTP96vVqIl), que transcrita di:

**«PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O Pleno da Corporación, en sesión de data 30 de xuño de 2022, aprobou a moción do grupo municipal do PP para designar a biblioteca central de Cambre co nome de "Biblioteca Central María Pita", de xeito que, de conformidade co disposto no artigo 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, esa moción serviu de resolución de incoación de oficio do correspondente expediente de honores e distincións.

Por Resolución da Alcaldía núm. 1271/2022, do 11 de xullo, acordouse iniciar o procedemento de concesión de honra e designar como concelleira instrutora do citado expediente á concelleira do Grupo Municipal Popular dona Marta María Vázquez Golpe, iso tendo en conta que a incoación do expediente se levou a cabo a iniciativa do seu grupo.

Con data 17 de xullo de 2022 e núm. de rexistro 202299900003939 a instrutora presentou proposta dirixida á Comisión Especial de Honores e distincións para que a biblioteca central de Cambre pase a denominarse "Biblioteca Central María Pita".

Visto que a Comisión informativa especial de honores e distincións, en sesión extraordinaria de data 22 de setembro de 2022, acordou ditaminar favorablemente a proposta formulada pola instructora do expediente.

De conformidade co disposto no artigo 18 do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Designar a biblioteca central municipal co nome de "Biblioteca Central María Pita".

**Segundo:** Dar traslado deste acordo, para os efectos oportunos, aos departamentos de Cultura e Estatística municipais.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe e García Hidalgo.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos en contra: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e Santos López.

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2022 (CVD: H+8Yy2ljILdTP96vVqIl), ao non terse acadado o voto favorable dos dous terzos dos membros da Corporación, tal e como se establece no artigo 16.2 do Regulamento especial de Honores e Distincións do Concello de Cambre.

Faise constar que cando son as vinte horas e cincuenta e dous minutos auséntase da sesión o Sr. Carballada Rodríguez, do BNG.

No mesmo intre, de xeito temporal, auséntase da sesión o Sr. Boga Moscoso, de UxC, que se reincorpora á sesión ás vinte e unha horas, durante o debate da moción presentada polo equipo de goberno.

## 2.5. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 00:52:50 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## 3. PARTE DECLARATIVA

### 3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 00:52:54 horas**

Non se trata ningún asunto neste punto da orde do día.

### 3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

**A) MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO (UXC E PSDEG-PSOE) SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

***Acceso á videoacta* – 00:53:45 horas**

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE), rexistrada de entrada ao núm. 202200000003906 o día 23 de setembro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes, e que transcrita di o seguinte:

**«MOCIÓN SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os grupos municipais de Unión por Cambre e PSdeG-PSOE do Concello de Cambre, formulan para o seu debate e aprobación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a *Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidade en el emplego público*.

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

- Un proceso de estabilización para as prazas de caracter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.
- Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carater estructural que estiveran ocupadas de forma initerrumpida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocotarias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Asi, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariemante, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das admistracións que son obxeto da convocatoria. E decir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara mais a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuizo para a propia Administración que non obteria profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, *é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos que concorreron inicialmente á súa formación subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOGA do 1 de decembro de 2020).* Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar tense convertido nunha das Administracións con maior tasa de temporalidade, pasando do 90 %, unha temporalidade que afecta indicutiblemente á mulleres, xa que mais do 95% das mais de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus destintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualde e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan mais de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, non valoran prioritaritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio con profesionais doutras Administracións diferentes como é a Xunta de Galicia e que núnca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia que leva 15 anos traballando no ambito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Consorcio na que se atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraria igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas as que dende a Xunta se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primera liña no peor da pandemia nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendia a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se extende durante os primerios quince días de mes entre setembro e decembro. Unha folga a que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e vagaxe profesional, mais que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituir unha anomalia no comprimento do espirito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros antedidos dada a altisima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, os grupos municipais do Unión por Cambre e PsdeG-PSOE, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Cambre a adopción dos segunites acordos:

- Instar a Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos desta.

- Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de meritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se púntue prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo especificos desenvoltos no Consorcio Galego.

- Trasladar estos acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instanto a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con caracter inmediato.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) de data 23 de setembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Cubeiro Fernández e Santos López.

Votos en contra: Tres (3), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Varela Fraguío, Sánchez Vieites e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) de data 23 de setembro de 2022, anteriormente transcrita.

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e seis minutos, durante a votación da moción, auséntase temporalmente da sesión o Sr. interventor, que se reincorpora á sesión ás vinte e unha horas e dezanove minutos, antes da votación da moción presentada polo PP contra o veto da UE á pesca de fondo.

Seguidamente, trala votación da moción, cando son as vinte e unha horas e sete mintuos auséntase da sesión a Sra. Santos López, de EU-Son en Común.

No mesmo intre, de xeito temporal, auséntase da sesión a Sra. Pestonit Barreiros, de UxC, que se reincorpora á sesión ás vinte e unha horas e dez minutos, durante a lectura da moción presentada polo PP contra o veto da UE á pesca de fondo.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO**

***Acceso á videoacta* – 01:07:06 horas**

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do PP, rexistrada de entrada, xunto con outra moción, ao núm. 202299900005222 o día 23 de setembro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes, e que transcrita di o seguinte:

**«MOCIÓN CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 19 de setembro asistíamos con asombro á publicación no Diario Oficial da UE do REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2022/1614 DA COMISIÓN, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor en 20 días.

Esta decisión unilateral foi tomada sen ter falado cos Estados nin co sector. Así, a directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea na súa visita a Galicia do pasado mes de xullo comprometérase a revisar a medida con máis datos e informes, cousa que non fixo.

É totalmente indignante e un despropósito que Bruxelas vete a pesca de fondo atendendo unicamente aos aspectos medioambientais e non aos científicos nin socioeconómicos.

Só en Galicia, esta prohibición afecta a arredor de 200 barcos de capital galego de xeito directo e o seu impacto potencial podería chegar a un milleiro de buques, ben polo solapamento de zonas de pesca ou pola futura ampliación desta prohibición.

Sempre defendemos que todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. Medidas coma esta, arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

O 20 de setembro o Goberno Galego mantiña unha reunión co sector e con xuristas expertos para analizar o posible recurso e ver o xeito máis efectivo de actuar contra este veto para defender os intereses da frota.

Así, o Goberno galego urxe a construír unha posición sólida a nivel nacional contra o veto á pesca de fondo e compromete o seu apoio aos distintos recursos xudiciais que se presenten.

É fundamental unha resposta xudicial estatal dado que se trata dun asunto que prexudica tamén a outras comunidades, non só a Galicia.

Esta cuestión foi trasladada polo presidente da Xunta ao Executivo do Estado e foi exposta o 21 de setembro na reunión co sector e a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por todo o anterior, o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** no Concello de Cambre eleva ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

O Concello de Cambre acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

1. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 23 de xuño de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe e García Hidalgo.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

## C) Moción do grupo municipal do PP en relación coa ocupación de vivendas

***Acceso á videoacta* – 01:20:12 horas**

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do PP, rexistrada de entrada, xunto con outra moción, ao núm. 202299900005222 o día 23 de setembro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes, e que transcrita di o seguinte:

**«MOCIÓN EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN DE VIVENDAS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación («okupación», como popularmente se coñece a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código Penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no artigo 245 CP, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación (en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, de 13 de decembro de 2018) .

Esta resolución tamén indica que *«concorrendo espazos de protección superpostos»* a vivenda protéxese na vía civil *«a través dos procesos "sumarios" de protección do dereito real inscrito (art. 250.1.7 LAC en relación co artigo 41 LH), interditais (art. 250.1.4 LAC en relación co 446 CC) ou do desafiuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por ilo con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo ao ámbito posesorio de cuxa recuperación se trata), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LAC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que,*

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

*conforme ao art. 444 CC non afectan á posesión)»*

A defensa contra actos que perturben a posesión dun inmoble destinado a vivenda que se conten no mencionado artigo 250.1.40 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, foi modificado pola Lei 5/2018, do 11 de xuño, con resultados moi positivos en canto ao acurtamento de prazos e axilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdito de recobrar a posesión, permitindo pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se vira privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor lexítimo por outro título e as entidades sen ánimo de lucro con dereito a posuír a vivenda e as entidades públicas propietarias ou posuidoras lexítimas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve no artigo 37 do seu texto a ocupación de calquera inmoble, vivenda ou edificio alleo, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda (que é un principio reitor do artigo 47 CE) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito contido no artigo 33 CE, no Capítulo Segundo do Título Primeiro, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os *«dereitos e deberes dos cidadáns»* da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma prodúcese por tanto unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais. Ás veces pola ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que sí conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de fragrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con pensas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Así como deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuza, desalóxase, e ao vulnerable protéxeselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Por todo o exposto o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** en Cambre propón neste pleno que se adopte o seguinte **ACORDO:**

Demandar ao Goberno de España:

1. Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmoble, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

2. Incluír novas medidas procesuais na Lei de Axuizamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmoble o obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Policía.

3. Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

4. Incluír un novo parágrafo no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

Así como solicitar que esta inscrición se considere nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento diso.

5. Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 23 de xuño de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe e García Hidalgo.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Pestonit Barreiros, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Dous (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Este punto foi tratado máis adiante.

### 4.2. ROGOS

**ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900005281 o día 26 de setembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

**1º rogo -** ***Acceso á videoacta*** **– 01:30:43 horas**

Lee o rogo a Sra. González Roel:

«Veciños da urbanización A Barcala alértannos do lamentable estado no que se atopan os terreos que lindan coa vía do tren ao seu paso pola devandita urbanización. Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, apréciase abundante sucidade e vexetación que crece con desorde nos arredores da vía do tren, provocando non só problemas de salubridade (pola sucidade acumulada) senón de probable foco de incendio. Problema que se agudiza se temos en conta a proximidade á devandita vía de dous centros públicos docentes como son a gardería infantil da Galiña Azul e o I.E.S. Alfonso X O Sabio.

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa da concelleira competente que realice con ADIF as xestións pertinentes para que se proceda o máis axiña posible á limpeza e roza dos arredores da vía do tren ao seu paso pola urbanización A Barcala.»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

**2º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:32:13 horas**

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

«Tras o recoñecemento polo Goberno local do abuso que se está producindo na ocupación e mantemento prolongado sen causa xustificada de estadas, contedores e material de obra que ocupan as nosas rúas, prazas, vías e lugares públicos; é xeral a indignación veciñal e o recoñecemento da necesidade de modificar a actuación do noso concello respecto diso.

Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, nos últimos meses houbo unha proliferación de estadas, contedores e material de obra que, ocupando prazas de aparcamento en lugares tan necesitados delas como a parroquia do Temple ou a urbanización A Barcala, dificultan ademais, o tránsito de vehículos e peóns, cun evidente risco para a seguridade viaria.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo Goberno local se adopten as medidas necesarias para resolver definitivamente o problema advertido, con modificación da normativa municipal incluída, se fose necesario.»

O Sr. González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

**3º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:35:41 horas**

Lee o rogo a Sra. Vázquez Golpe:

«Á vista das máis actualizadas previsións de desemprego para os próximos meses, que prognostican autorizadas entidades e organismos, os Populares de Cambre debemos insistir de novo na necesidade de que as administracións locais poñan ao alcance da poboación afectada medios destinados a paliar as consecuencias do desemprego, cooperando de modo activo con outras administracións e complementando as iniciativas ofertadas, todo iso coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento profesional das persoas cambresas en situación de paro ou daquelas que queiran mellorar ou ampliar as súas competencias profesionais. Unha formación que responda ás necesidades do mercado laboral máis próximo ao municipio e que permita aos demandantes de emprego, especialmente mulleres e aqueles que teñen maiores dificultades de inserción laboral, adquirir dentro do seu propio municipio unha cualificación que se adapte aos actuais modelos produtivos, de modo que o acceso aos cursos non supoña desprazamentos innecesarios a centros de formación veciños, co consecuente gasto en tempo e transporte.

O Centro de Formación Municipal de Cambre está absolutamente equipado para ofertar esas prazas e cubrir a crecente demanda formativa, especialmente agravada polo avance das tecnoloxías da información e a comunicación.

Por iso, desde o Grupo Municipal Popular, rógase ao concelleiro competente que poña en marcha para o ano 2023 un Plan de Formación Municipal completo, rigoroso e competitivo, que conte cun programa de cursos amplo e variado, tomando como referencia os sectores do mercado máis afectados pola crise actual e contribúa a reducir a fenda dixital aínda existente nun amplo sector da poboación; habilitando, para iso, unha partida no

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

orzamento municipal de, polo menos, 100.000 €.»

O Sr. Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta o rogo.

**ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900005274 o día 26 de setembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

**1º rogo -** ***Acceso á videoacta*** **– 01:54:05 horas**

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

«Rogamos repoñan os elementos retirados do parque infantil de San Lourenzo.»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

**2º rogo -** ***Acceso á videoacta*** **– 01:55:23 horas**

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

«Rogamos reparen a fochanca situada na entrada á rúa O Drozo, á altura do número 30 diante dos colectores de lixo, desde A Castellana.»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

**3º rogo -** ***Acceso á videoacta*** **– 01:55:52 horas**

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

«Rogamos que desde a Concellería de Sanidade se esixa ao Sergas a incorporación do persoal necesario en pediatría nos centros de saúde de Cambre e do Temple para atender debidamente á poboación infantil.»

O Sr. Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta o rogo.

A continuación, a Presidencia dá paso ao punto que figuraba na orde do día baixo o epígrafe “4.1. Informes do equipo de goberno”, que por un erro non foi tratado no momento que correspondía segundo a convocatoria.

## 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta*** **– 01:56:42 horas**

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1563/2022, do 7 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

**“Primeiro:** Delegar a presidencia da Xunta de Voceiros no primeiro tenente de alcalde, D. Juan González Leirós.

**Segundo:** A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notificar ao concelleiro, publicar no *Boletín Oficial da Provincia*, e dar conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Seguidamente, a Presidencia outorga a palabra ao voceiro de AV que solicita presentar uns rogos oralmente.

**ROGOS DE AV PRESENTADOS ORALMENTE**

O Sr. Varela Fraguío formula os seguintes rogos:

**1º rogo -** ***Acceso á videoacta* – 01:57:02 horas**

«Novamente chégannos queixas pola publicidade feita das “Actividades Socioculturais de proximidade” algunhas enfocadas a achegar á veciñanza ao uso de teléfono e tablet, coa incoherencia de que a maior publicidade para anotarse é a través deses medios. Resultando incoherente pretender que chegue á veciñanza que o precisa realmente. Como incoherente é que hai un mes chegara a cada fogar un xornal para informar á veciñanza das novidades de Cambre e non contemplase esta información, entre outras.

Motivo polo cal:

Reiterámonos en rogar que se contemple este tipo de informacións importantes para a veciñanza nas vindeiras edicións do “Novas de Cambre”, para permitir que sexa unha verdadeira ferramenta informativa para dar accesibilidade á información á veciñanza.»

**2º rogo -** ***Acceso á videoacta* – 01:57:54 horas**

«Queremos dar traslado da preocupación da veciñanza pola seguridade viaria en Pravio. En concreto no cruzamento da estrada principal da parroquia AC-214 co lugar de Carballadas e Fabas.

Todos coñecemos a peculiaridade de este cruzamento e que é un punto de risco para as persoas que transitan calquera das vías xa sexa en coche, a pé ou noutros medios.

Por isto rogamos se tomen as medidas pertinentes para poñer unha solución a este punto negro de circulación en Cambre.»

**3º rogo -** ***Acceso á videoacta* – 01:58:23 horas**

«Persoal municipal do concello trasládanos que as axudas sociais para o persoal municipal do pasado 2021 aínda non foron cobradas.

Non é o primeiro ano que traemos este tema, porque non é o primeiro ano que hai estas demoras. Sería interesante explicar claramente os motivos que as provocan ao persoal.

Rogamos se traslade aos traballadores e traballadoras solicitantes delas o motivo polo cal a setembro de 2022 non foron cobradas as ditas axudas.»

## 4.3. PREGUNTAS

**PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900005281 o día 26 de setembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**1ª pregunta -** ***Acceso á videoacta*** **– 01:59:14 horas**

Lee a pregunta a Sra. González Roel:

«Veciños da parroquia de Pravio mostran as súas queixas sobre os problemas de iluminación existentes na polideportiva cuberta existente na parroquia. Problemas que se fixeron evidentes nas últimas festas do mes de agosto, en honra de San Bartolomé onde, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, a metade das luminarias existentes non se atopaban operativas.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular, se interesa informe da concellería competente sobre os motivos da devandita avaría e previsións da súa reparación.»

O Sr. Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

**2ª pregunta -** ***Acceso á videoacta*** **– 02:00:28 horas**

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

«Veciños da urbanización A Barcala móstrannos as súas queixas sobre o estado no que se atopa o parque infantil existente na zona alta da urbanización, queixas centradas fundamentalmente no estado que presenta o pavimento do propio parque infantil.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, o chan colocado no devandito parque infantil atópase aberto en varios lugares, así como nas xuntas de suxeición ás madeiras que o delimitan o que, a xuízo dos veciños, provoca incerteza nos usuarios sobre a seguridade da súa utilización.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente sobre a seguridade do pavimento instalado no dito parque infantil da urbanización A Barcala, e as previsións da súa reparación.»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

**3ª pregunta -** ***Acceso á videoacta*** **– 02:01:34 horas**

Lee a pregunta a Sra. Vázquez Golpe:

«A principios deste mes de setembro produciuse unha nova rotura da tubaxe que, pasando pola cambresa parroquia do Temple, fornece auga potable ao municipio de Oleiros. Rotura que volveu provocar filtracións en garaxes da zona da Costa da Tapia, así como o corte na subministración de auga, como acción necesaria para a súa reparación.

Tras a reiteración da dita rotura en polo menos catro ocasiones en apenas un ano e o cruzamento de acusacións entre o alcalde de Oleiros e o concelleiro de Urbanismo de Cambre, desde o Grupo Municipal Popular interésase que polo concelleiro de Urbanismo se informe sobre o estado no que se atopan as negociacións entre ambos concellos e a reparación da tubaxe afectada.»

O Sr. González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO**

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900005274 o día 26 de setembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritos din:

**1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:03:56 horas**

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández:

«Que demandas levaron a cabo neste 2022, desde a Concellería de Sanidade, sobre as melloras e reformas necesarias no Centro de Saúde de Cambre?»

O Sr. Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta a pregunta.

**2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:05:12 horas**

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández:

«No pasado pleno ordinario do mes de xullo presentamos un rogo solicitando a reparación dos elementos danados no parque infantil do Parque da Igrexa de Cambre. Cando se vai acometer esta reparación?»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:05:32 horas**

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández:

«No pasado pleno ordinario do mes de agosto presentamos un rogo solicitando que se restablecera o sentido das prazas de aparcamento na rúa dos Muíños. A resposta foi que se encargaría un informe á Policía local. Xa foi realizado o dito informe?»

A Sra. Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS ORALMENTE**

A Sra. Sánchez Vieites formula as seguintes preguntas:

**1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:06:34 horas**

«Hai uns meses pedimos solucións para mellorar a seguridade da rúa Estanque e a rúa Abeleira, pedindo a colocación de pasos de peóns elevados. Posto que polo que nos comenta veciñanza da zona moitos vehículos se desprazan a grande velocidade supoñendo un problema diario de seguridade, principalmente en horario punto, xa que moitas persoas circulan por este punto como vía de escape do tráfico da Tapia. Que pasos foron dados para a solución deste problema?»

**2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:07:07 horas**

«Xa hai meses que Alternativa trasladou a problemática de seguridade viaria en diversos puntos, ao que se nos contestou case un ano máis tarde cun estudo remarcando varios puntos onde houbo incidentes. Hai algún avance para a mellora destes puntos que sinalaban o estudo?»

**3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:07:27 horas**

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

«Tralo informe emitido pola secretaria municipal que pon en alerta que "o arquitecto nomeado de forma interina para a execución dos programas referidos de carácter temporal e de duración determinada poida exercer funcións ordinarias de arquitecto municipal alleas aos programas citados, sinalar que, a xuízo da que subscribe, a realización de funcións ordinarias de arquitecto municipal, que, como tales, atenden a necesidades permanentes do Concello, non se axusta á legalidade ".

Cales son as medidas que se van a levar a cabo para axustar á legalidade a dita situación tanto neste expediente do POS adicional como noutros nos que se poida incurrir na mesma situación?»

**PREGUNTAS DE C'S PRESENTADAS POR ESCRITO**

Faise constar que, ante a ausencia da concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Presidencia informa que as tres preguntas serán contestadas por escrito.
Rexistradas de entrada ao núm. 202299900005257 o día 26 de setembro de 2022, redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

**1ª pregunta -** ***Acceso á videoacta* – 02:08:15 horas**

Lee a pregunta a Sra. García Hidalgo:

«Cantas queixas ou reclamacións se recibiron e Servizos Sociais respecto da axuda no fogar por parte dos usuarios desde xaneiro de 2019?»

**2ª pregunta -** ***Acceso á videoacta* – 02:08:47 horas**

Lee a pregunta a Sra. García Hidalgo:

«Rexístranse e documéntanse todas e cada unha destas reclamacións de xeito que poidan ser consultadas?»

**3ª pregunta -** ***Acceso á videoacta* – 02:08:56 horas**

Lee a pregunta a Sra. García Hidalgo:

«Respóndese aos usuarios que presentan estas queixas ou reclamacións de forma verificable en todos os casos?»

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e nove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e prace
O presidente
*(asinado dixitalmente)*

Juan González Leirós

A secretaria accidental
*(asinado dixitalmente)*

Verónica María Otero López

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 04/10/2022 11:52:00) , JUAN GONZALEZ LEIROS (FECHA: 04/10/2022 12:09:00)
Versión imprimible
CVD: tUocoSPvwQl7EOhmf/R0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.